3. Durante la ejecución de la operación, el beneficiario colocará un cartel en el enclave de las operaciones cuando éstas cumplan las condiciones siguientes:

a) la contribución pública total a la operación supere los 500000 EUR;

b) la operación consista en la financiación de una infraestructura o en trabajos de construcción.

La información a la que se refiere el artículo 9 ocupará, como mínimo, el 25 % del cartel.

Una vez concluida la operación, se sustituirá el cartel por la placa explicativa permanente a la que se refiere el apartado 2.

4. Cuando una operación se financie en el marco de un programa operativo cofinanciado por el FSE y, en su caso, cuando una operación se financie en el marco del FEDER o el Fondo de Cohesión, el beneficiario se asegurará de que las partes que intervienen en la operación han sido informadas de dicha financiación.

El beneficiario anunciará claramente que la operación que se está ejecutando ha sido seleccionada en el marco de un programa operativo cofinanciado por el FSE, el FEDER o el Fondo de Cohesión.

Cualquier documento relativo a este tipo de operaciones, incluidos los certificados de asistencia o de cualquier otro tipo, incluirá una declaración en la que se informe de que el programa operativo ha sido cofinanciado por el FSE o, en su caso, el FEDER o el Fondo de Cohesión.

Artículo 9

Características técnicas de las medidas de información y publicidad de la operación

Todas las medidas de información y publicidad destinadas a los beneficiarios, a los beneficiarios potenciales y al público en general incluirán los elementos siguientes:

a) el emblema de la Unión Europea, de conformidad con las normas gráficas establecidas en el anexo I, así como la referencia a la Unión Europea;

b) la referencia al Fondo en cuestión:

i) en el caso del FEDER: "Fondo Europeo de Desarrollo Regional",

ii) en el caso del Fondo de Cohesión: "Fondo de Cohesión",

iii) en el caso del FSE: "Fondo Social Europeo";

c) una declaración elegida por la autoridad de gestión, en la que se destaque el valor añadido de la intervención de la Comunidad, de preferencia: "Invertimos en su futuro".

Los puntos b) y c) no serán de aplicación en el caso de artículos promocionales de pequeño tamaño.

Artículo 10

Redes e intercambio de experiencia

1. Las autoridades de gestión designarán a las personas de contacto responsables de la información y publicidad e informarán a la Comisión en consecuencia. Asimismo, los Estados miembros podrán designar a una única persona de contacto para todos los programas operativos.

2. Podrán crearse redes comunitarias que incluyan a las personas designadas con arreglo al apartado 1 a fin de garantizar los intercambios de buenas prácticas, incluidos los resultados de la aplicación del plan de comunicación, así como los intercambios de experiencia en la aplicación de las medidas de información y publicidad con arreglo a la presente sección.

3. Los intercambios de experiencia en el ámbito de la información y publicidad podrán recibir asistencia técnica al amparo del artículo 45 del Reglamento (CE) nº 1083/2006.

c) Reglamento (CE) Nº 846/2009 de la Comisión, de 1 de septiembre de 2009, que modifica el Reglamento (CE) Nº 1828/2006, (artigo 1, puntos 1 e 2).

Artículo 1

El Reglamento (CE) nº 1828/2006 queda modificado como sigue:

1) En el artículo 8, el apartado 2 queda modificado como sigue:

a) En el párrafo segundo, la segunda frase se sustituye por el texto siguiente:

"La información a la que se refiere el artículo 9 ocupará al menos el 25 % de la placa.";

b) se añade el párrafo siguiente:

"Cuando no sea posible colocar una placa explicativa permanente sobre un objeto físico según lo dispuesto en la letra b) del párrafo primero, se tomarán otras medidas oportunas para dar publicidad a la contribución comunitaria".

2) El artículo 9 queda modificado como sigue:

a) En el párrafo primero, la frase introductoria se sustituye por el texto siguiente:

"Todas las medidas de información y publicidad establecidas por las autoridades de gestión o los beneficiarios y destinadas a los beneficiarios, a los beneficiarios potenciales y al público en general incluirán los elementos siguientes:"

b) se añade el párrafo siguiente:

"Cuando una medida de información o publicidad promueva varias operaciones cofinanciadas por más de un Fondo, no se exigirá la referencia establecida en la letra b) del apartado 1".

5

Relación de documentos vinculados coa programación, avaliación e xestión dos Fondos Estruturais 2007-2013.

- Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.
- Plan de comunicación do Programa Operativo do FEDER Galicia 2007-2013.
- Tríptico de obxectivos e prioridades do PO FEDER Galicia 2007-2013.
- Regulamento interno do comité de seguimento do PO FEDER Galicia 2007-2013.
- Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013 (MENR).
- Programa Nacional de Reformas de España (PNR).
- Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007-2013.
- Relación de indicadores operativos do PO FEDER Galicia 2007-2013.
- Criterios de selección de operacións do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.
- Informe de execución do ano 2007 do PO FEDER Galicia 2007-2013.
- Informe de execución do ano 2008 do PO FEDER Galicia 2007-2013.
- Manual de normas e procedementos de xestión do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.
- Descrición dos sistemas de xestión e control do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.
- Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.
- Plan de comunicación do Programa Operativo do FSE Galicia 2007-2013.
- Tríptico de obxectivos e prioridades do PO FSE Galicia 2007-2013.
- Regulamento interno do comité de seguimento do PO FSE Galicia 2007-2013.
- Guía metodolóxica para a elaboración dos programas operativos do FSE para o período 2007-2013 e para a selección de indicadores.
- Criterios de selección de operacións do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.
- Informe de execución do ano 2007 do PO FSE Galicia 2007-2013.
- Informe de execución do ano 2008 do PO FSE Galicia 2007-2013.
- Manual de normas e procedementos de xestión do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.
- Descrición dos sistemas de xestión e control do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.
- Guía de elementos comúns a FEDER, FSE e FC para o seguimento estratéxico do MENR 2007-2013.
- Guía xeral de avaliación continua dos programas operativos FSE 2007-2013.

- Guía metodolóxica para a avaliación estratéxica temática de economía do coñecemento: I+D+i, e sociedade da información.
- Guía metodolóxica para a avaliación estratéxica temática de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Guía metodolóxica para a avaliación estratéxica temática de medio ambiente.
- Guía metodolóxica de seguimento e avaliación dos plans de comunicación dos programas operativos do FEDER, Fondo de Cohesión e FSE 2007-2013.
- Guía metodolóxica das avaliacións operativas dos programas operativos FEDER e Fondo de Cohesión 2007-2013.
- Regulamento interno do Comité Consultivo de Seguimento Estratéxico e Avaliación (CCSEE).

6

Relación de normativa vinculada cos Fondos Estruturais 2007-2013.

a) Normativa xeral de planificación e fondos.

- Regulamento (CE) Nº 846/2009, da Comisión, de 1 de setembro de 2009, que modifica o Regulamento (CE) Nº 1828/2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, (DOUE 23.09.2009, L 250).

- Recomendación do Consello de 25 de xuño de 2009, relativa a actualización en 2009 das orientacións xerais de política económica dos Estados membros e da Comunidade e a execución das políticas de emprego dos Estados membros (2009/531/CE), (DOUE de 15.07.2009; L 183).

- Regulamento (CE) Nº 284/2009 do Consello, de 7 de abril de 2009, que modifica o Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, polo que se refire a determinadas disposicións relativas a xestión financeira, (DOU 08.04.2009, L 94).

- Regulamento (CE) Nº 1341/2008 do Consello, de 18 de decembro de 2008, polo que se modifica o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, no que respecta a determinados proxectos xeradores de ingresos, (DOUE 24.12.2008, L 348).

- Comunicación da Comisión ao Consello Europeo COM (2008) 800 final de 26.11.2008 "Un Plan Europeo de Recuperación Económica".

- Corrección de erros do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e derógase o Regulamento (CE) Nº 1260/1999, (DOUE 12.11.2008, L 301).

- Decreto 184/2007, do 13 de setembro, polo que se crea a Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios (DOG nº 191 de 02.10.2007).

- Decisión do Consello (2007/491/CE), de 10 de xullo de 2007, relativa ás Directrices para as políticas de emprego dos Estados membros, (DOUE 13.07.2007, L 183).

- Corrección de erros do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se deroga o Regulamento (CE) Nº 1260/1999, (DOUE 07.06.2007, L 145).

- Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006

do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, (DOUE 27.12.2006, L 371).

- Decisión do Consello (2006/702/CE) de 6 de outubro de 2006, relativa ás Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de Cohesión, (DOUE 21.10.2006, L 291).
- Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se deroga o Regulamento (CE) Nº 1260/1999, (DOUE 31.07.2006, L 210).

b) Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

- Regulamento (CE) Nº 397/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio do 2009, que modifica o Regulamento (CE) Nº 1080/2006, relativo ao FEDER, polo que se refire a subvencionalidade dos investimentos en eficiencia enerxética e enerxías renovables nas vivendas, (DOUE 21.05.2009, L 126).
- Orde EHA/524/2008, de 26 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Cohesión, (BOE nº 53, 01.03.2008, P. 12563) (Ministerio de Economía e Facenda).
- Decisión da Comisión C(2007) 6079, de 30 de novembro de 2007, pola que se adopta o programa operativo de intervención comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do obxectivo de converxencia para a Comunidade Autónoma de Galicia en España (CCI 2007ES161PO005).
- Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se deroga o Regulamento (CE) Nº 1783/1999, (DOUE 31.07.2006, L 210).

c) Fondo Social Europeo (FSE).

- Decisión do Consello de 7 de xullo de 2009 relativa ás orientacións para as políticas de emprego dos Estados membros (2009/536/CE), (DOUE 11.07.2009, L 180).
- Regulamento (CE) Nº 396/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de maio do 2009, polo que se modifica o Regulamento (CE) Nº 1081/2006 no que respecta ao FSE para ampliar os tipos de custos subvencionables polo FSE, (DOUE 21.05.2009, L 126).
- Orden TIN/788/2009, de 25 de marzo, pola que se modifica a Orde TIN/2965/2008, de 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvenciona-

bles polo Fondo Social Europeo durante o período de programación de 2007-2013, (BOE nº 79, 01.04.2009, P. 30860) (Ministerio de Traballo e Inmigración).

- Orde TIN/2965/2008, de 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación de 2007-2013, (BOE nº 252, 18.10.2008, P. 41648) (Ministerio de Traballo e Inmigración).
- Decisión da Comisión C(2007)6733, de 18 de decembro de 2007, pola que se adopta o programa operativo de intervención comunitaria do Fondo Social Europeo no marco do obxectivo de converxencia na Comunidade Autónoma de Galicia en España (CCI2007ES051PO004).
- Regulamento (CE) Nº 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se deroga o Regulamento (CE) Nº 1784/1999, (DOUE 31.07.2006, L 210).

d) Fondo de Cohesión.

- Decisión da Comisión C(2007) 6315, de 7 de decembro de 2007, pola que se adopta, no marco do obxectivo de converxencia, o programa operativo de intervención comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, para as Comunidades Autónomas de Andalucía, Castela-A Mancha, Extremadura e Galicia, e do Fondo de Cohesión en todo o territorio, para España (CCI 2007ES161PO009).
- Regulamento (CE) Nº 1084/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se crea o Fondo de Cohesión e se deroga o Regulamento (CE) Nº 1164/94, (DOUE 31.07.2006, L 210).

e) Cooperación Territorial.

- Decisión da Comisión C(2007) 5165 final, de 25 de outubro de 2007, pola que se adopta o programa operativo "Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013" de intervención estrutural comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do obxectivo de cooperación territorial europea en España e Portugal, (CCI 2007 CB 16 3 PO 005).
- Decisión da Comisión C(2007) 4347 final, de 26 de setembro de 2007, pola que se adopta o programa operativo "Sudoeste Europeo 2007-2013" de intervención estrutural comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do obxectivo de cooperación territorial europea en España, Francia, Portugal e o Reino Unido, (CCI 2007 CB 163 PO 008).
- Decisión da Comisión C(2007) 4292 final, de 20 de setembro de 2007, pola que se adopta o programa operativo "Espazo Atlántico 2007-2013" de intervención estrutural comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do obxectivo de cooperación territorial europea en Irlanda, España, Francia, Portugal e o Reino Unido, (CCI 2007 CB 16 3 PO 029).

- Decisión da Comisión C(2007) 4222 final, do 11 de setembro de 2007, pola que se adopta o programa operativo "Programa de Cooperación Interrexional INTERREG IVC" de intervención estrutural comunitaria do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do obxectivo de cooperación territorial europea en todos os Estados membros, coa participación de Noruega e Suiza, (CCI 2007 CB 16 3 PO 046).
- Regulamento (CE) Nº 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo do 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) (DOUE 31.07.2006, L 210).

7

Relación de normativa e documentos vinculados con axudas de Estado no período 2007-2013.

a) Normativa de axudas de Estado.

- Decisión da Comisión C(2009) 4558 -Axuda de Estado nº N 307/2009- España. Réxime temporal de axuda para conceder cantidades limitadas de axuda compatible, (DOUE 26.06.2009, C 146/01).
- Comunicación da Comisión (2009/ C 83/01) -Marco temporal aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira, (DOUE 07.04.2009, C 83).
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG nº 20, 29.01.2009).
- Comunicación da Comisión C(2009/ C 10/03) sobre recapitalización de instrucións financeiras en crise, (DOUE 15.01.2009, C 10).
- Regulamento (CE) Nº 800/2008, da Comisión, de 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), (DOUE 09.08.2008, L 214).
- Comunicación da Comisión, relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE das axudas estatais outorgadas en forma de garantía (2008/C155/02), (DOUE 20.06.2008, C 155).
- Versión consolidada do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, (DOUE 09.05.2008, C 115).
- Directrices para o exame das axudas estatais no sector da pesca e a acuicultura (2008/C 84/06), (DOUE 03.04.2008, C 84).
- Regulamento (CE) Nº 271/2008, da Comisión, de 30 de xaneiro de 2008, que modifica o Regulamento (CE) Nº 794/2004, (DOUE 25.03.2008, L 82).
- Comunicación da Comisión relativa á revisión do método de fixación dos tipos de referencia e de actuación (2008/C 14/02), (DOUE 19.01.2008, C 14).
- Regulamento (CE) Nº 1535/2007, da Comisión de 20 de decembro de 2007, relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis no sector da produción de produtos agrícolas, (DOUE 21.12.2007, L 337).
- Regulamento (CE) Nº 875/2007, da Comisión, de 24 de xullo de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis no sector pesqueiro e que modifica o Regulamento (CE) Nº 1860/2004, (DOUE 25.07.2007, L 193).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG nº 121, 25.06.2007).
- Comunicación da Comisión, sobre a prórroga da aplicación da comunicación COM (2001) 534 final (2007/C/ 134/03), (DOUE 16.06.2007, C 134).

- Mapa de axudas rexionais España 2007-2103 (2007/C 35/03), (DOUE 17.02.2007, C 135).
- Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2006/C 323/01), (DOUE 30.12.2006, C 323).
- Regulamento (CE) Nº 1998/2006, da Comisión, de 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis, (DOUE 28.12.2006, L 379).
- Directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007/2013 (2006/C 319/01), (DOUE 27.12.2006, C 319).
- Regulamento (CE) Nº 1857/2006, da Comisión, de 15 de decembro, sobre á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) Nº 70/2001, (DOUE 16.12.2006, L 358).
- Directrices comunitarias sobre axudas estatais e capital risco a pequenas e medianas empresas (2006/C 194/02), (DOUE 18.08.2006, C 194).
- Directrices sobre as axudas de estado de finalidade rexional para o período 2007-2013 (2006/C 54/08), (DOUE 04.03.2006, C 54).
- Decisión da Comisión, de 28 de novembro de 2005, relativa á aplicación das disposicións do artigo 86.2 do Tratado CE ás axudas estatais en forma de compensación por servizo público concedidas a algunhas empresas encargadas da xestión de servizos de interese económico xeral (C (2005) 2673), (DOUE 29.11.2005, L 312).
- Marco comunitario sobre axudas estatais en forma de compensación por servizo público (2005/C 297/04), (DOUE 29.11.2005, C 297).
- Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestructuración de empresas en crise (2004/C 244/02), (DOUE 01.10.2004, C 244).
- Regulamento (CE) Nº 794/2004, da Comisión, de 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) Nº 659/1999, (DOUE 30.04.2004, L 140).
- Comunicación da Comisión sobre determinados aspectos xurídicos vinculados ás obras cinematográficas e as outras producións do sector audiovisual (Comunicación sobre o cine 2004/C 123/01) de 26.09.2001 (publicada no DO C 43 de 16.02.2002), (DOUE 30.04.2004, C 123).
- Sentenza do Tribunal de Xustiza, de 24 de xullo de 2003, no asunto C-280/00 - Caso Altmark ("Regulamento (CEE) núm. 1191/69 - Explotación de servizos regulares de transporte urbano, de cercanías e rexional - Compensación que constitúe a contrapartida de obrigas de servizo público"), (DOUE 20.09.2003, C 226).
- Comunicación da Comisión relativa aos tipos de xuro aplicables a efectos da recuperación de axudas concedidas ilegalmente (2003/C 110/08), (DOUE 08.05.2003, C 110).

- Comunicación da Comisión sobre a determinación das normas aplicables á avaliación das axudas estatais ilegais (C(2002) 458), (DOUE 22.05.2002, C 119).
- Comunicación da Comisión sobre determinados aspectos xurídicos vinculados ás obras cinematográficas e a outras producións do sector audiovisual (2002/C 43/04), [COM (2001) 534 final], (DOUE 16.02.2002, C 43).
- Directrices comunitarias sobre axudas estatais en favor do medio ambiente (2001/C 37/03), (DOUE 03.02.2001, C 37).
- Regulamento (CE) Nº 659/1999, do Consello, de 22 de marzo de 1999, polo que se establecen disposicións de aplicación do artigo 93 do Tratado CE, (DOUE 27.03.1999, L 83).
- Regulamento (CE) nº 1540/98, do Consello, de 29 de xuño de 1998, sobre axudas á construción naval, (DOUE 18.07.1998, L 202).
- Real Decreto 1755/1987, do 23 de decembro de 1987, sobre o procedemento de comunicación á comisión das comunidades europeas dos proxectos das administracións ou entes públicos que se propoñan establecer, conceder ou modificar axudas internas, (BOE nº 19, 22.01.1988, P 2.274).

b) Documentos sobre axudas de Estado.

- Plan de acción de axudas estatais 2005 - 2009.
- Vademecum - Lexislación comunitaria en materia de axudas estatais.
- Manual sobre a lexislación comunitaria en materia de axudas estatais para as pemes (inclúe as medidas temporais dos Estados para apoiar o acceso ao financiamento na actual crise económica e financeira).

8

Enderezos web de interese.

- Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía y Hacienda.
  http://www.dgfc.sgpg.meh.es
- Dirección General de Política Regional da Comisión Europea.
  http://ec.europa.eu/dgs/regional_policy/index_es.htm
- Unidad Administradora del FSE (UAFSE) do Ministerio de Trabajo e Inmigración.
  http://www.mtas.es/uafse
- Dirección General de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades da Comisión Europea.
  http://ec.europa.eu/social/home.jsp?langId=es
- Representación da Comisión Europea en España.
  http://ec.europa.eu/spain/index_es.htm
- Portal web da Fundación Galicia-Europa.
  http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/
- Portal web da Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
  http://www.conselleriadefacenda.es/web/portal/area-de-planificacion-e-fondos

1

Anexo
Plan de comunicación do PO FEDER Galicia 2007-2013.

PRESENTACIÓN

No novo período de programación dos Fondos Estruturais 2007-2013 a normativa comunitaria[1] é máis esixente no que respecta á información e publicidade dos programas operativos. As autoridades comunitarias desexan potenciar a visibilidade dos Fondos Estruturais, facer máis transparente a súa xestión e, en especial, concienciar á cidadanía da importante contribución da Unión Europea ao crecemento económico e o benestar social das súas rexións.

Logo da experiencia do período de programación anterior (2000-2006), no que a percepción do público en xeral da actividade desenvolvida pola Unión Europea a través dos Fondos Estruturais se mostrou claramente insuficiente e o descoñecemento da misión e as accións dos Fondos era bastante xeneralizado, a Unión marcouse como obxectivo a máxima difusión posible dos programas operativos entre a cidadanía europea, endurecendo, con este fin, os requisitos de información e publicidade dos proxectos cofinanciados.

Neste sentido, todos os programas operativos dos Fondos Estruturais (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional -FEDER- e Fondo Social Europeo -FSE-) do novo período han de ir acompañados dun plan de comunicación, destinado a cubrir os baleiros de información existentes, que determine as responsabilidades e funcións que han de desempeñar os distintos axentes implicados en canto a información e publicidade das intervencións.

As autoridades de xestión dos Fondos Estruturais teñen a obriga de elaborar un plan de comunicación para cada programa operativo (ou un plan conxunto para varios programas dos que sexan responsables), nun prazo máximo de catro meses a partir da aprobación do programa, o contido mínimo do cal está fixado regulamentariamente[2].

En especial, os regulamentos comunitarios que fixan as normas de aplicación dos Fondos Estruturais no novo período establecen a obrigatoriedade de poñer en marcha determinadas medidas para informar aos beneficiarios e aos potenciais beneficiarios, así como para publicitar a execución e os resultados dos programas entre o público en xeral[3], facendo especial énfase en mellorar:

a) a información aos potenciais beneficiarios, garantindo a transparencia na utilización dos Fondos a través dunha ampla difusión das oportunidades financeiras que ofrecen os programas, unha clara información sobre os

---

[1] Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e derógase o Regulamento (CE) Nº 1260/1999.
Regulamento (CE) Nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se deroga o Regulamento (CE) Nº 1783/1999.
Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, que fixa as normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006.
[2] Art. 2.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.
[3] Arts. 5, 6, 7, 8 e 9 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

métodos e condicións de selección dos beneficiarios, e a publicación anual da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos concedidos a cada operación;

b) a comunicación aos beneficiarios das súas obrigas en materia de información e publicidade, velando polo seu axeitado cumprimento;

c) a publicidade dos programas operativos dirixida á cidadanía de forma xenérica;

d) e o seguimento e avaliación das actividades de comunicación, que permitan valorar o grao de concienciación e visibilidade dos programas operativos e do papel desempeñado pola Unión Europea.

En España, as autoridades de xestión dos Fondos Estruturais, a Subdirección General del FEDER da Dirección General de Fondos Comunitarios (DGFC) do Ministerio de Economía y Hacienda, para o FEDER, e a Unidad de Gestión de la Unidad Administradora del Fondo Social Europeo (UAFSE) do Ministerio de Trabajo e Inmigración, para o FSE, traballaron conxuntamente para garantir o respecto dos plans de comunicación de ambos os dous fondos a todas as esixencias regulamentarias ao respecto, así como a homoxeneidade dos plans de comunicación en ambos os dous fondos e en todos os programas operativos de aplicación en España, xa sexa rexionais ou plurirrexionais.

No caso dos programas operativos de ámbito rexional, as autoridades de xestión españolas pediron aos organismos intermedios a nivel autonómico que lideren a elaboración, execución, seguimento e avaliación dos plans de comunicación, ofrecéndolles a posibilidade de aglutinar nun único plan as actividades de comunicación dos dous fondos (FEDER e FSE).

A Comunidade Autónoma de Galicia decidiu elaborar un plan de comunicación separado para cada fondo, polo que o organismo intermedio responsable a nivel autonómico do programa operativo do FEDER, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos, en estreita colaboración coa DGFC, ocupouse de definir o "Plan de comunicación do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional de Galicia 2007-2013", que se presenta neste documento.

Trátase, polo tanto, dun plan monofondo, que cumpre as esixencias regulamentarias en materia de información e publicidade recollidas nos Regulamentos (CE) Nº 1083/2006 e 1828/2006 e o disposto ao respecto nas disposicións de aplicación do programa operativo ao que se refire.

Atendendo ao contido mínimo que deben incluír os plans de comunicación segundo a normativa comunitaria e ás directrices da DGFC ao respecto, o plan componse de 8 capítulos, que recollen:

- a situación de partida en materia de información e publicidade da rexión tras a implementación das accións relativas ao FEDER no anterior período de programación 2000-2006 (capítulo 1);
- os obxectivos do plan de comunicación (capítulo 2);
- os grupos destinatarios das medidas do plan (capítulo 3);
- enfoque estratéxico do plan (capítulo 4);
- as medidas de comunicación que está previsto desenvolver (capítulo 5);

- o orzamento indicativo para a implementación do plan (capítulo 6);
- os organismos responsables da súa execución (capítulo 7);
- e o sistema de seguimento e avaliación do plan (capítulo 8).

1. SITUACIÓN DE PARTIDA

1.1. Plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006

O Complemento de Programa do Programa Operativo Integrado[4] (POI) de Galicia 2000-2006 describía as medidas que se poñerían en marcha para garantir a información e a publicidade das intervencións cofinanciadas, no que se denominou o "Plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006".

Este plan pretendía a consecución dos seguintes obxectivos, que se relacionaban segundo a súa priorización:

- Garantir a transparencia da execución do programa.
- Informar á opinión pública sobre o papel que desempeñaba a Unión Europea a favor das actuacións contempladas no programa.
- Proporcionar información sobre o contido do programa e sobre a contribución dos Fondos Estruturais aos obxectivos definidos neste.
- Difundir aquela información que posibilitase e inducise a unha correcta utilización das dispoñibilidades financeiras asignadas.

As medidas previstas no plan ían dirixidas a distintos grupos de destinatarios, cada un coas súas propias características e intereses e, polo tanto, con diferentes necesidades de información: beneficiarios potenciais e finais; autoridades rexionais e locais e demais autoridades públicas competentes; organizacións profesionais e medios económicos; interlocutores económicos e sociais (sindicatos, asociacións empresariais e organizacións sociais); organizacións non gobernamentais, sobre todo os organismos de promoción da igualdade entre homes e mulleres e os que se ocupan da protección e mellora do medio ambiente; axentes económicos ou promotores de proxectos; medios de comunicación social; e público en xeral.

As accións do plan organizábanse en dous momentos ou fases distintas: unha primeira, de posta en funcionamento do programa e as súas medidas, centrada fundamentalmente en dar a coñecer o contido do mesmo e as súas posibilidades de desenvolvemento; a outra, de difusión da súa execución e dos resultados obtidos, logo da realización das avaliacións intermedias e final.

A relación de actividades de comunicación inicialmente previstas no plan resúmese na táboa 1.

[4] Cofinanciado por FEDER, FSE e FEOGA-O.

Táboa 1. Medidas do plan de accións de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006

FASES	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN
POSTA EN FUNCINOAMENTO DO PROGRAMA E DAS MEDIDAS QUE CONTEMPLA	Dar a coñecer o contido do POI e as súas posibilidades de desenvolvemento	- Presentación, de carácter institucional, do POI de Galicia 2000-2006. - Difusión do POI a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación: creación dunha páxina web e edición do POI en CD-ROM. - Difusión convencional do Marco Comunitario de Apoio e do POI, en publicación, así como a través dos medios de comunicación social (comunicados de prensa, artigos en revistas de grande tiraxe, anuncios,...). - Organización de seminarios, xornadas e conferencias co fin de dar a coñecer o papel dos Fondos Estruturais, os obxectivos específicos de cada un, a participación financeira no POI e a súa contribución aos seus obxectivos prioritarios. - Distribución de publicacións (folletos, notas informativas) sobre determinadas actividades financiadas a través do POI a difusión do cal se considere de especial interese. - Elaboración dun manual práctico de axuda aos beneficiarios finais, con información sobre os procedementos de xestión do POI (certificacións, solicitudes de pagamento, presentación de informes,...). - Publicación de convocatorias de axudas a través dos Diarios Oficiais (Boletín Oficial do Estado, Diario Oficial de Galicia, etc.), a través das delegacións e oficinas de información dos organismos intermedios, mediante anuncios en medios de comunicación social e a través da publicación de folletos, trípticos e outros materiais promocionais.
EXECUCIÓN DO POI E RESULTADOS OBTIDOS	Difundir a execución do POI e os resultados obtidos	- Información, a través das páxinas web, sobre o POI, a súa execución, os resultados obtidos e exemplos de proxectos desenvolvidos. - Información aos medios de comunicación, trala celebración dos Comités de Seguimento, sobre o estado de avance do POI. - Publicidade aos resultados da Avaliación Intermedia do POI. - Instalación de vallas informativas ou placas conmemorativas nos proxectos de investimentos en infraestrutura o custo das cales supere os 3 millóns de euros e nos investimentos físicos en empresas, conforme ao disposto nos regulamentos comunitarios. - Notificación, aos beneficiarios de axudas, da participación financeira da UE nestas e da contía ou porcentaxe da axuda achegada polo Fondo. - Elaboración dun vídeo e edición dunha publicación, ao termo do período de execución do POI, que recollan os aspectos máis relevantes producidos no seu desenvolvemento.

Fonte: elaboración propia a partires do complemento do programa do POI de Galicia 2000-2006.

As medidas de información xeral sobre o POI ían con cargo á medida de asistencia técnica do propio programa, mentres que as medidas relacionadas cos distintos proxectos eran financiadas con cargo ás medidas do programa operativo en que estes proxectos se atopasen integrados.

A autoridade de xestión, o organismo intermedio e todos os beneficiarios finais que participaban no POI, cada un no ámbito das súas respectivas competencias, eran responsables da execución das actuacións de información e publicidade sinaladas: cada organismo executor do programa era responsable da aplicación e cumprimento da normativa sobre información e publicidade nas intervencións da súa competencia incluídas no POI; a autoridade de xestión era a encargada de velar polo cumprimento

da normativa e comunicar á Comisión as persoas designadas para a coordinación das actividades correspondentes a esta materia; e a Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia era o organismo encargado da coordinación do plan.

1.2. Execución das accións de información e publicidade do POI de Galicia

A batería de medidas de comunicación executadas ata o momento no marco do POI revela que, ademais das actividades de información e publicidade inicialmente previstas no plan, leváronse a cabo outras a realización das cales se decidiu con posterioridade á súa definición. En definitiva, as medidas de información e publicidade do programa non se cinguiron exclusivamente ás anteriormente formuladas, senón que se estenderon a outro tipo de actuacións, a pertinencia das cales foise detectando durante a execución dos proxectos.

Entre as accións de comunicación do POI, das que se ten constancia a través dos informes anuais de execución, desenvolvidas ao longo do período e vinculadas ás intervencións do FEDER, pódense destacar as seguintes:

- Difusión convencional do POI de Galicia 2000-2006 e do seu complemento de programa, coa pretensión de dar a coñecer o seu contido e divulgar as súas características principais.
- Mantemento de información actualizada nas páxinas web da Xunta de Galicia e da DGFC sobre as intervencións financiadas polos Fondos Comunitarios na rexión durante todo o exercicio.
- Comparecencias e información ao Consello Económico e Social de Galicia e ao Parlamento de Galicia sobre o Marco Comunitario de Apoio (MCA) das rexións Obxectivo 1 de España, sobre o POI de Galicia 2000-2006 e sobre as repercusións que podería ter sobre Galicia o futuro da política rexional europea.
- Organización de seminarios e conferencias destinados a dar a coñecer o papel dos Fondos Estruturais, os obxectivos específicos de cada un deles, a participación financeira no POI de Galicia 2000-2006 e a súa contribución aos obxectivos prioritarios definidos neste.
- Realización de actividades formativas entre a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e diversas consellerías, para transmitir aos xestores das axudas aspectos específicos dos procedementos de xestión.
- Publicacións de economía rexional na Revista Galega de Economía.
- Distribución de publicacións e notas de prensa relacionadas co impacto dos Fondos Estruturais en Galicia, e publicación, en xornais, boletíns oficiais ou a través de emisións radiofónicas, das actuacións realizadas por algúns organismos executores.
- Elaboración, por parte da Consellería de Economía e Facenda, dunha "Guía de publicidade e información dos Fondos Estruturais e de Cohesión", co fin de

garantir o efectivo cumprimento do Regulamento (CE) Nº 1159/2000 sobre actividades de información e publicidade. Este documento ofrecía un marco orientativo para que as accións publicitarias das actividades cofinanciadas respondesen aos principios de uniformidade e coherencia. A Consellería de Economía e Facenda realizou un labor de difusión constante desta guía, dirixida a todas as persoas relacionadas coa execución das actividades cofinanciadas.

- Establecemento dun fluxo permanente de información entre a D.X. de Planificación Económica e Fondos Comunitarios e as consellerías xestoras, polo que a primeira transmitía indicacións sobre as características técnicas das medidas de información e publicidade e atendía calquera dúbida ou cuestión que as unidades xestoras puidesen formular en relación a estas.
- Colocación de paneis nos lugares onde se cofinanciaban proxectos, intentando consolidar o principio de uniformidade e difundindo a idea de que o deseño dos devanditos paneis había de seguir as pautas dos patróns normalizados.
- Presenza da bandeira europea nos actos e actividades informativas, e inclusión do emblema europeo en todos os documentos relacionados cos proxectos.
- Impulso da homoxeneización dos carteis de información do financiamento de proxectos pola UE, a raíz da entrada en vigor da nova imaxe corporativa da Xunta de Galicia.
- Elaboración, por parte da Dirección General de Fondos Comunitarios y Planificación Territorial, a mediados de 2002, dunha páxina web e dun "plan de información e publicidade" dentro dos MCA do Obxectivo 1 e do Obxectivo 2, Cohesión e Iniciativas Comunitarias. Os obxectivos do plan eran aumentar os índices de coñecemento do gran público sobre os Fondos Europeos que englobaba o Marco Comunitario de Apoio 2000-2006 cara a niveis da media europea, e conseguir poñer en marcha nos organismos públicos e privados que tivesen algún tipo de relación cos Fondos, un programa de comunicación interna homologado a nivel nacional.
- Participación no grupo de traballo informal de Información sobre Fondos Estruturais (SFIT) constituído pola Unidade de Información da DG Regio, a través do intercambio de prácticas no foro CIRCA e a participación no seminario celebrado en Bruxelas o 10 de novembro de 2003 "Mellorar xuntos: a comunicación sobre os Fondos Estruturais".
- Participación da autoridade de xestión do programa en actividades de información e publicidade promovidas pola Comisión Europea, como a "Reunión Anual de Redes de Información da Unión Europea", organizada pola Oficina da Comisión Europea en España.
- Participación no seminario de información para a prensa rexional española "Impacto e futuro da política rexional da Unión Europea en España", que se celebrou en Sevilla os días 25 e 26 de abril de 2002, co obxectivo de reunir a un número significativo de medios de comunicación rexionais de España e informalos das claves fundamentais da aplicación da política rexional comunitaria en España.
- Posta en marcha, polos órganos xestores e executores, de diversas actuacións de publicidade no marco dos seus proxectos:

- Redacción, deseño e impresión de folletos, dípticos, trípticos, carteis, material gráfico, paneis divulgativos.. e edición de publicacións en papel ou en formato electrónico (libros, boletíns, CD, DVD, vídeos, presentacións multimedia,...).
- Publicación de anuncios en medios de comunicación (prensa, radio, televisión...), ben para informar das convocatorias abertas no marco do POI, ben para publicitar o desenvolvemento das intervencións e os seus resultados.
- Realización de campañas publicitarias de sensibilización sobre determinados temas relacionados coa temática dos proxectos (promoción da Sociedade da Información en Galicia, concienciación da importancia do patrimonio cultural,...).
- Difusión das actuacións en execución e dos seus resultados a través das páxinas web das consellerías da Xunta de Galicia implicadas, con mención expresa ao cofinanciamento comunitario e a inclusión do emblema europeo.

1.3. Avaliación das accións de información e publicidade do POI de Galicia

O plan de actividades de información e publicidade do POI de Galicia 2000-2006 contemplaba a avaliación das súas accións, a través de:

a) a presentación ao comité de seguimento de información sobre o cumprimento das disposicións en materia de información e publicidade a que obrigaba o Regulamento (CE) Nº 1159/2000 e do disposto no propio plan;

b) e a exposición de información referente á calidade e a eficacia das actividades de comunicación emprendidas nos informes anuais de execución do POI, nos que figuraría un apartado que recollese e avaliáse as principais actividades relacionadas coa información e publicidade levadas a cabo, tendo en conta tanto a cantidade como a calidade destas, e indicando a porcentaxe de asistencia técnica usada en tales fins.

Ademais, poden atoparse referencias ao seguimento e avaliación das accións de información e publicidade do programa en:

a) O informe da avaliación intermedia do POI, que valoraba o sistema de información e publicidade do programa;

b) e o informe de actualización da avaliación intermedia, que analizaba o cumprimento das recomendacións efectuadas pola avaliación intermedia para a mellora da xestión operativa.

Da análise de ambos os dous informes de avaliación despréndese que:

- O sistema de información e publicidade do POI de Galicia valorouse positivamente.

  O informe de avaliación intermedia do POI outorgaba ao devandito sistema unha valoración "alta", constatando que: coñecíanse e cumprían as esixencias da normativa comunitaria en materia de información e publicidade; estas esixencias trasladábanse ás unidades executoras; e figuraba explicitamente en todas as ordes de axuda o carácter cofinanciado das actuacións.

- O organismo intermedio e a Autoridade de Xestión do POI traballaron intensamente na mellora das accións de información e publicidade do programa.

  O informe de actualización da avaliación intermedia do POI poñía de manifesto diversos cambios na xestión, de distinta dimensión e natureza, que se levaran a cabo en aras de mellorar a xestión operativa do programa. Entre eles, atopábase a realización, por parte da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, dunha guía práctica para o cumprimento dos requisitos de información e publicidade da Unión Europea. Esta guía constituíuse como un elemento de grande utilidade, non só para dar a coñecer ao conxunto dos xestores as obrigas neste terreo, senón tamén para subministrar información das posibilidades que ofrecían os Fondos Europeos aos solicitantes, os beneficiarios e o público en xeral; recoñecer o papel e o apoio que ofrecían os Fondos Estruturais da UE; e promover a comprensión dos obxectivos e os logros das diferentes medidas avaladas polos Fondos Estruturais.

Non obstante, máis alá destas consideracións efectuadas polos informes de avaliación do programa, os informes de execución anuais e, en especial, o último dispoñible, relativo ao ano 2006, sinalan os importantes progresos que o período de programación 2000-2006 supuxo en materia de información e publicidade das actuacións cofinanciadas polos Fondos Estruturais en Galicia.

Xunto á tramitación administrativa das axudas, a súa xestión presupostaria ou a adecuación dos soportes informáticos aos requisitos fixados pola normativa comunitaria, neste período as administracións implicadas da xestión do programa comezaron a outorgar relevancia a outras cuestións relacionadas coas intervencións comunitarias, como a posta en valor do principio de información. Os responsables destas administracións asumiron plenamente as recomendacións da Comisión neste punto e tomaron conciencia de que unha axeitada política de información e comunicación é fundamental no proceso de construción europea.

Unha vez consolidado o proceso de implantación dos Fondos Estruturais e constatada a eficacia na xestión, as administracións intervintes na xestión do programa pasaron a definir unha estratexia integral de información e a deseñar un plan global de comunicación. As administracións implicadas na xestión do programa executaron dun modo sistemático o plan de accións de información e publicidade establecido no POI e difundiron de modo permanente ao longo de todo o período a idea de que, calquera que fose a actividade debía deixarse constancia da participación da Unión Europea no proxecto. Ademais, os xestores asumiron que esta función de información debía seguir uns criterios de uniformidade; instrumentos como paneis de obras,

convocatorias de cursos, impresos de solicitudes de axudas, publicacións, e outros, foron estandarizados, para así lograr unha imaxe homoxénea das intervencións.

Así, entre as actuacións de comunicación desenvolvidas pola autoridade de xestión e o organismo intermedio rexional, poden atoparse exemplos de boas prácticas, como:

- A publicación, pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios, da citada "Guía de publicidade e información dos Fondos Estruturais e de Cohesión", que se converteu na ferramenta básica utilizada polos xestores nesta materia.
- A elaboración, por parte da Consellería de Innovación e Industria, do documento "Instrucións sobre as obrigas de publicidade debido ao emprego dos Fondos Estruturais da UE", como norma complementaria á orde reguladora das axudas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións 2006.
- A presenza dun representante da Consellería de Economía e Facenda na Comisión de Publicacións da Xunta de Galicia, que actuou como garante do cumprimento do requisito polo que a totalidade das publicacións editadas coa axuda dos Fondos Estruturais debían incluír na súa cuberta unha indicación visible da participación da UE e do Fondo cofinanciador.
- Celebración do "I Congreso da Asociación de Novos Empresarios de Galicia", realizado en Vigo en febreiro de 2006 e considerado un acto exemplar polo modo de deixar constancia do Fondo Estrutural cofinanciador (FEDER).
- Realización dun esforzo especial, sobre todo ao longo de 2006, para normalizar o uso dos instrumentos de comunicación dentro de todos aqueles proxectos cofinanciados que se ven materializados nunha web de internet.

    - A Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información colaborou activamente na execución da idea "Mancomún: Iniciativa galega para o software libre". O deseño da páxina "Mancomún.org" representa un modelo sobre a acertada transposición dos principios de información e publicidade ás ferramentas informáticas dentro da rede.
    - Poderían citarse ademais un bo número de casos exemplarizantes, como o portal de internet de CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia), a web do Servizo Galego de Igualdade, as oficinas virtuais das diferentes consellerías da Xunta de Galicia, etc.

En definitiva, unha vez practicamente finalizado o exercicio de programación 2000-2006, pode concluírse que o labor de información e comunicación desenvolvida ao longo destes anos polas administracións implicadas na xestión do POI contribuíu a aproximar a actividade da UE ao cidadán común, que está comezando a asumir a administración comunitaria como propia.

Aínda que queda moito camiño por percorrer neste sentido, os avances foron notables. Proba diso é a intensidade adquirida, en todos os ámbitos sociais, polos

debates articulados en torno á evolución dos Fondos Estruturais e a súa influencia sobre as posibilidades de converxencia de Galicia, así como a evidencia da expectación que existe en Galicia en relación ao futuro da política estrutural durante o período de programación 2007-2013, constatada nas informacións dos medios de comunicación rexionais.

2. OBXECTIVOS

Tendo en conta a crecente preocupación das institucións comunitarias pola insuficiente comprensión da política rexional europea por parte da cidadanía e, en particular, o aínda limitado grao de concienciación da cidadanía galega sobre a relevante influencia dos Fondos Estruturais no desenvolvemento da rexión, o plan de comunicación do Programa Operativo do FEDER de Galicia 2007-2013 márcase, como obxectivo central:

- Concienciar á cidadanía galega do que a Unión Europea fai a favor do desenvolvemento rexional de Galicia a través do programa operativo do FEDER e da súa contribución financeira comunitaria.

A consecución deste obxectivo implica, por un lado, poñer en marcha accións de comunicación directamente dirixidas á poboación galega e, por outro, implicar a todos os axentes involucrados na implementación do programa nesta tarefa.

Dende este punto de vista, o obxectivo central do plan subdivídese en dous obxectivos intermedios:

- Dar a coñecer á cidadanía galega a política rexional europea, os Fondos Estruturais e o programa operativo, así como publicitar os seus logros e resultados.
- Poñer a disposición dos distintos axentes participantes na xestión e/ou execución do programa (órganos xestores, beneficiarios e potenciais beneficiarios) toda a información que precisan para desempeñar axeitadamente as súas funcións e para contribuír a dotar de visibilidade á actuación da Unión Europea.

Así mesmo e co obxecto de mellorar a eficiencia das medidas de información e publicidade do plan, estes obxectivos particularízanse segundo a fase de implementación do programa en que se realicen, como segue:

1. Na fase de lanzamento do PO as medidas de comunicación están enfocadas esencialmente a dar a coñecer o PO, como instrumento da política rexional europea, á cidadanía galega. Non obstante, as medidas neste sentido complétanse con outras especificamente dirixidas os potenciais beneficiarios da axuda do programa, coa finalidade de informalos amplamente sobre as posibilidades de financiamento que teñen á súa disposición no marco do PO.
2. A fase de execución das intervencións acapara o groso das medidas do plan, os obxectivos do cal se concretan en:
   a) comunicar os órganos xestores as funcións e tarefas que se lles asignan en relación á xestión, o seguimento, o control, a avaliación, a información e a publicidade do PO, así como asesoralos de xeito continuo no seu desenvolvemento;
   b) garantir que os potenciais beneficiarios reciben información completa e transparente dos mecanismos de acceso ao financiamento (requisitos de acceso, criterios de selección de operacións,...);
   c) transmitir aos beneficiarios as súas obrigas e responsabilidades en materia de xestión, seguimento, avaliación, control, información e publicidade das

intervencións da súa competencia, apoiándoos e asistíndoos tecnicamente no seu desempeño ao longo da vida do PO;

d) informar aos beneficiarios da súa obrigada aparición na lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación, que se publicará anualmente de acordo co art. 7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006;

e) e publicitar os avances e resultados que se vaian obtendo ao longo da execución do PO entre a cidadanía.

3. Finalmente, na fase de difusión dos resultados do PO as medidas de comunicación centrarán a súa atención na cidadanía galega en xeral, á que se transmitirán os principais resultados obtidos coa posta en marcha do PO.

Ilustración 1. Árbore de obxectivos do plan

OBXECTIVO CENTRAL **Concienciar á cidadanía galega do que a UE fai a favor do desenvolvemento rexional de Galicia a través do programa operativo do FEDER e a súa contribución financeira comunitaria**	
OBXECTIVO INTERMEDIO 1 Dar a coñecer á cidadanía galega a política rexional europea, os Fondos Estruturais e o PO, así como publicitar os seus logros e resultados	**OBXECTIVO INTERMEDIO 2** Poñer a disposición dos distintos axentes participantes na xestión e/ou execución do PO toda a información que precisan para desempeñar axeitadamente as súas funcións e para contribuír a dotar de visibilidade á actuación da UE
FASE DE LANZAMENTO DO PO	
Público en xeral Dalo a coñecer o PO como instrumento da política rexional europea	Potenciais beneficiarios Informalos amplamente das posibilidades de financiamento que teñen á súa disposición no marco do PO
FASE DE EXECUCIÓN DAS INTERVENCIÓNS	
Público en xeral Publicitar os avances e resultados que se vaian obtendo ao longo da execución do PO	Órganos xestores Comunicarlles as súas funcións e tarefas, así como asesoralos no seu desenvolvemento
	Potenciais beneficiarios Proporcionarlles información completa e transparente sobre os mecanismos de acceso ao financiamento
	Beneficiarios Transmitirlles as súas obrigas e responsabilidades e asesoralos no seu desempeño Informalos da súa aparición na lista publicada de acordo co art. 7.2.d) do Regulamento de Aplicación
FASE DE DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DO PO	
Público en xeral Publicitar os principais resultados obtidos coa posta en marcha do PO	

3. GRUPOS DESTINATARIOS

De acordo cos obxectivos formulados no capítulo anterior, as medidas do plan terán como destinatarios aos seguintes grupos:

- Público en xeral: A cidadanía galega será receptora de todas as medidas de publicidade do plan, enmarcadas no primeiro obxectivo intermedio deste e destinadas a aumentar o coñecemento do grande público en relación á política rexional europea, os Fondos Estruturais, o FEDER e o programa operativo de Galicia.
- Potenciais beneficiarios: Os organismos e empresas que, dada a natureza das intervencións incluídas no programa, sexan susceptibles de optar ao financiamento comunitario e converterse en órganos executores das operacións, serán destinatarios de determinadas accións do plan. En concreto, serán informados das oportunidades financeiras que a Unión Europea lles ofrece a través do programa operativo e dos mecanismos de acceso á axuda comunitaria.
- Beneficiarios[5]: O plan dirixe un conxunto de medidas aos órganos encargados de executar as operacións do programa, orientadas a transmitirlles as súas obrigas e asistilos no seu cumprimento.
- Órganos xestores: Os departamentos da administración autonómica ou central responsables de xestionar as operacións, independentemente de que as executen directamente ou a través doutro órgano executor de natureza pública ou privada (beneficiario), serán destinatarias dunha parte das medidas do plan encamiñadas a informalos de forma clara e completa das súas responsabilidades así como de apoialos no seu desempeño.

Cada grupo de destinatarios mencionado está estreitamente asociado a un dos obxectivos intermedios do plan, tal e como mostra a ilustración 1.

[5] O art. 2.4 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 define "beneficiario" como "todo operador, organismo ou empresa de caracter público ou privado, responsable de iniciar ou iniciar e executar as operacións". No ámbito dos réximes de axuda, segundo o devandito artigo, "entenderase por beneficiario toda empresa pública ou privada que leve a cabo un proxecto particular e reciba axuda pública".

4. ESTRATEXIA

Como quedou patente no capítulo 1, a posta en valor do principio da información na implementación das intervencións do FEDER en Galicia supuxo, no período de programación anterior (2000-2006), un gran desafío, que finalmente se concretou nun dos maiores logros da xestión do programa operativo integrado.

As canles de comunicación establecidas xeraron unha activa transmisión de información entre todos os axentes implicados na xestión do POI e cara á cidadanía galega, que incrementaron a concienciación de todos os axentes rexionais sobre os beneficios que supón para o desenvolvemento económico rexional a execución dos proxectos cofinanciados no marco da política estrutural europea, e a valorización do labor desempeñado pola Unión Europea a favor do desenvolvemento das súas rexións.

Non obstante, os progresos en materia de comunicación do POI centráronse esencialmente na información proporcionada polas administracións implicadas na xestión do programa aos órganos xestores e beneficiarios. A dirección metodolóxica e as orientacións e instrucións de carácter práctico que a Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios e a DGFC trasladaron a xestores e beneficiarios fixeron posible que, en termos xerais, os distintos axentes implicados na xestión e execución do programa:

a) coñecesen e respectasen os requisitos da regulamentación comunitaria en canto a información e publicidade das intervencións;

b) tivesen constancia e difundisen, en todo momento, a participación da Unión Europea nos seus proxectos e a contribución financeira do FEDER a estes;

c) e utilizasen criterios estandarizados e uniformes no deseño técnico dos seus instrumentos de información e publicidade.

Menores foron, non obstante, os avances logrados en materia de publicidade das intervencións entre a cidadanía en xeral. Aínda que as accións de comunicación emprendidas lograron informar o público galego do papel e a influencia dos Fondos no desenvolvemento económico rexional e melloraron a súa percepción sobre o traballo desenvolvido pola Unión Europea a favor de Galicia, a plena concienciación da cidadanía sobre o papel que xoga o FEDER na converxencia económica de Galicia co resto de rexións europeas segue constituíndo un importante desafío.

É por iso que, no novo período de programación 2007-2013, as accións de comunicación vinculadas ao programa operativo do FEDER da Comunidade Autónoma de Galicia estarán enfocadas prioritariamente á cidadanía en xeral e destinadas a aumentar a visibilidade do PO, dos seus obxectivos e resultados, e do papel que desempeña a Unión Europea, en partenariado coas administracións nacional e autonómica, no desenvolvemento da rexión (ilustración 2).

A estratexia do plan de comunicación do PO FEDER de Galicia 2007-2013 centra a súa atención en achegar o programa operativo e o papel desenvolvido pola UE e as

administracións implicadas á cidadanía galega, aínda que preocupándose simultaneamente por consolidar as canles de información a xestores e beneficiarios, a efectividade dos cales quedou demostrada no período anterior.

Para iso e co obxecto de aumentar a efectividade das accións de comunicación, estas organizaranse en torno a tres momentos temporais -a fase de lanzamento do programa, logo da súa aprobación; a fase execución das intervencións; e a fase de difusión dos resultados do programa, unha vez finalizada a súa implementación - e levaranse a cabo a través de distintos medios, adaptados á finalidade perseguida en cada fase (ver capítulo 2) e ás características específicas dos grupos destinatarios (ver capítulo 3).

Ilustración 2. Enfoque metodolóxico do plan

MEDIDAS DE PUBLICIDADE

Medios utilizados

Internet	Actos e publicacións	Medios de comunicación	Materiais promocionais	Outros medios publicitarios

Destinatarios

Público en xeral

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

Medios utilizados

Internet	Medios de comunicación	Materiais promocionais	Outros medios informativos

Destinatarios

Potenciais beneficiarios, beneficiarios e órganos xestores

Esta formulación estratéxica permite, adicionalmente:

a) cumprir coas esixencias regulamentarias do novo período en materia de información e publicidade, posto que o deseño das medidas do plan responde axeitadamente aos imperativos da normativa;

b) aumentar a eficiencia da axuda comunitaria, dado que, o plan prima, por unha parte, as accións de comunicación a efectividade da cal está demostrada (aproveitando as boas prácticas identificadas no período anterior, por exemplo) e, por outro lado, conxuga a utilización de medios de comunicación de grande impacto e custo (campañas en radio, televisión, prensa, ...) con actuacións máis económicas cun impacto significativo (tales como difusión de notas de prensa, información telemática vía internet versus edición de documentación en papel, etc.);

c) contribuír ao fomento da Sociedade da Información en Galicia e promover o uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, centrando boa parte da información, tanto ao público en xeral como a beneficiarios, xestores e potenciais beneficiarios, nas páxinas web da Consellería de Facenda e da DGFC, e xerando practicamente toda a documentación en formato electrónico;

d) e colaborar co respecto e coidado ao medio ambiente, fundamentalmente a través do aforro no consumo de papel (comunicación telemática con xestores e beneficiarios, documentación en formato electrónico distribuída a través das páxinas web do organismo intermedio e a autoridade de xestión, etc.).

5. MEDIDAS DE COMUNICACIÓN

O plan de comunicación do Programa Operativo do FEDER de Galicia 2007-2013 componse de 30 medidas de información e publicidade, dirixidas aos órganos xestores e executores dos programas, aos potenciais beneficiarios da axuda do Fondo (medidas de información) e á cidadanía galega en xeral (medidas de publicidade).

A execución destas medidas recaerá sobre a autoridade de xestión, o organismo intermedio e os órganos xestores e/ou executores das intervencións, segundo a natureza de cada medida, tal e como reflicten a táboa 2 e a táboa 3. As devanditas táboas recollen tamén o momento de realización e o medio de comunicación que está prevista empregar para a realización de cada medida.

Cabe sinalar, non obstante, que, ademais destas 30 medidas de comunicación xenéricas do programa operativo, executadas fundamentalmente pola autoridade de xestión e o seu organismo intermedio, os distintos xestores e beneficiarios das intervencións levarán a cabo outras accións de información e publicidade no marco de proxectos concretos: anuncios en medios de comunicación (televisión, prensa, radio, ...); edición e distribución de material divulgativo de diverso tipo (carteis, folletos, vídeos promocionais, paneis informativos, ...); colocación de placas identificativas; edición de publicacións (libros, folletos, CD, ...); información do proxecto nas súas páxinas web; realización de exposicións, xornadas, conferencias, etc.

Taboa 1. Medidas de publicidade do plan

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE PUBLICIDADE	ORGANISMOS EXECUTORES
INTERNET	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	1.- Creación dun apartado específico relativo aos Fondos Estruturais na páxina web da Consellería de Facenda.	DXPF DGFC
		Execución	2.- Actualización de contidos da páxina web da Consellería de Facenda e da Dirección General do Ministerio de Economía y Hacienda.	
			3.- Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación, de conformidade co art.7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.	DGFC DXPF
ACTOS E PUBLICACIÓNS	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	4.- Celebración dun acto institucional de presentación do PO, logo da súa aprobación.	DGFC DXPF
			5.- Edición e distribución do texto do PO.	DGFC DXPF Órganos xestores
		Execución	6.- Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e os seus resultados.	DGFC DXPF
			7.- Izamento da bandeira da Unión Europea durante unha semana a partir do 9 de maio (día de Europa).	
		Finalización	8.- Celebración dun acto de presentación dos resultados do PO.	
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	9.- Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO nos medios de comunicación rexionais.	DXPF
		Execución	10.- Realización de accións de difusión dos avances e resultados do PO en medios de comunicación.	
			11.- Publicación de artigos relacionados co PO en revistas especializadas.	DGFC DXPF Órganos xestores
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	PÚBLICO EN XERAL	Execución	12.- Mención ao PO nos instrumentos de comunicación xerais da autoridade de xestión, do organismo intermedio e dos órganos xestores.	DGFC DXPF Órganos xestores
		Finalización	13.- Realización de accións de difusión dos resultados do PO en medios de comunicación.	DXPF

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE PUBLICIDADE	ORGANISMOS EXECUTORES
MATERIAIS PROMOCIONAIS	PÚBLICO EN XERAL	Lanzamento	14.- Edición e distribución de material divulgativo sobre o PO e as súas principais características.	DGFC DXPF Órganos xestores
		Execución	15.- Edición e distribución de material divulgativo e dunha publicación sobre os avances e resultados do PO.	
OUTROS MEDIOS PUBLICITARIOS	PÚBLICO EN XERAL	Execución	16.- Colocación de placas explicativas nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art.8.2 del Regulamento (CE) Nº 1828/2006.	Beneficiarios
			17.- Colocación de carteis nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art. 8.3 del Regulamento (CE) Nº 1828/2006.	
			18.- Información a todas as partes que interveñan nas operacións do cofinanciamento do FEDER.	DGFC DXPF Órganos xestores Beneficiarios

Táboa 2. Medidas de información do plan

MEDIOS UTILIZADOS	GRUPOS DE DESTINATARIOS	MOMENTO DE REALIZACIÓN	MEDIDAS DE INFORMACIÓN	ORGANISMOS EXECUTORES
INTERNET	XESTORES E BENEFICIARIOS	Execución	19.- Inclusión na páxina web da Consellería de Facenda de toda a información, documentación e normativa relativa á xestión do PO. Así mesmo na páxina web da Dirección General de Fondos Comunitarios recollerase a información máis relevante no relativo a programación, xestión e avaliación dos fondos comunitarios, en particular ao relativo á aplicación dos mesmos en Galicia.	DXPF DGFC
MEDIOS DE COMUNICACIÓN	POTENCIAIS BENEFICIARIOS	Execución	20.- Realización de anuncios en medios de comunicación sobre as convocatorias abertas no marco do PO.	DGFC DXPF Órganos xestores
MATERIALES PROMOCIONAIS	POTENCIAIS BENEFICIARIOS	Execución	21.- Edición e distribución de material divulgativo sobre as oportunidades de financiamento que ofrece o PO.	DXPF Órganos xestores
OUTROS MEDIOS INFORMATIVOS	POTENCIAIS BENEFICIARIOS	Execución	22.- Mención expresa nas convocatorias de información clara e detallada sobre os mecanismos de acceso ao financiamento.	DGFC DXPF Órganos xestores
			23.- Mención expresa nas convocatorias das obrigas que levará consigo a aceptación da axuda comunitaria aos beneficiarios.	
	XESTORES E BENEFICIARIOS	Execución	24.- Comunicación escrita aos órganos xestores das obrigas e tarefas que se lle atribúen no marco do PO e posta a disposición destes da documentación e materiais que faciliten o seu labor.	DGFC DXPF
			25.- Comunicación oficial, aos beneficiarios, de que a aceptación do financiamento implica a súa aparición na lista publicada conforme o art.7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.	DGFC DXPF Órganos xestores
			26.- Comunicación oficial os beneficiarios, das responsabilidades e tarefas que deben asumir logo da percepción da axuda comunitaria, e posta á súa disposición de documentación e materiais que faciliten o seu labor.	DGFC DXPF Órganos xestores
			27.- Elaboración e distribución de guías ou orientacións metodolóxicas para a xestión do PO.	DXPF
			28.- Impartición de formación sobre os procedementos de xestión do PO.	
			29.- Elaboración e distribución os órganos xestores e os beneficiarios dunha guía práctica de información e publicidade.	
			30.- Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión.	DGFC DXPF Órganos xestores

5.1. Medidas de publicidade, dirixidas á cidadanía galega

As medidas do plan destinadas o público galego en xeral (medidas de publicidade) perseguen un dobre obxectivo:

a) Transmitir á cidadanía galega as principais características do programa, os aspectos máis relevantes da súa execución e os seus resultados máis destacables. Trátase de facer partícipe á poboación dos avances e logros do programa que se vaian producindo en cada momento: na fase de lanzamento do PO, o longo da súa execución e logo da súa finalización.

b) Garantir que todas as partes intervintes na execución e desfrute do Fondo estean informadas da súa participación no financiamento das intervencións.

Para alcanzar estes obxectivos, explotaranse as seguintes vías de comunicación:

- Utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para difundir amplamente o PO entre un variado conxunto de actores (beneficiarios, potenciais beneficiarios, órganos xestores e público en xeral).

  Desta forma preténdese dotar dunha conexión á estratexia do plan coa do propio PO, no que figura, como un dos obxectivos prioritarios do eixe 1 ("Desenvolvemento da economía do coñecemento: I+D+i, Educación, Sociedade da Información e TIC"), a "extensión das novas tecnoloxías da información e a comunicación garantindo a súa penetración no conxunto da sociedade galega".

  De xeito especial, o plan de comunicación pretende contribuír, na medida das súas posibilidades, a fomentar o acceso dos cidadáns, as empresas e a administración rexional ás novas tecnoloxías, centralizando actividades de información e publicidade do PO nas páxinas web da Consellería de Facenda e da DGFC.

- Celebración de distintos actos de presentación e difusión do PO, e dos seus avances e resultados.
- Edición e distribución de materiais promocionais e publicacións, tanto en papel coma en formato electrónico.
- Sensibilización dos medios de comunicación social sobre o labor que a Unión Europea desempeña a favor do desenvolvemento de Galicia a través do programa e aproveitamento do gran impacto destes medios sobre a poboación, difundir amplamente a execución do programa operativo.
- Publicidade o cofinanciamento do FEDER na situación física dos proxectos e en todos os materiais e documentos que se elaboren en relación con estes.

A continuación exponse o contido específico de cada unha das 18 medidas de publicidade do plan.

MEDIDA 1.

Creación dun apartado específico relativo aos Fondos Estruturais na páxina web da Consellería de Facenda

Na páxina web da D.X. de Planificación e Fondos e no Portal da autoridade de xestión, é dicir o da Dirección General de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía y Hacienda estarán dispoñibles todos os documentos relativos á planificación económica da Comunidade Autónoma de Galicia, entre os que se atopan os relacionados con programación rexional de FEDER (programas operativos, avaliacións, etc.).

Non obstante, no novo período de programación 2007-2013 o espazo web do organismo intermedio rexional dedicado o programa operativo do FEDER será máis ambicioso que no período anterior, incluíndo, ademais de documentación en formato electrónico relacionada co PO (o texto do PO, o texto do plan de comunicación, a normativa nacional e comunitaria aplicable, os informes anuais e final de execución, os informes de avaliación do programa, os informes de avaliación do plan de comunicación, etc.):

- información máis sintética sobre o contido do programa (obxectivos, eixes prioritarios, accións, orzamento,...);
- información periódica sobre os avances na execución do programa, os resultados que se vaian obtendo, os proxectos máis relevantes e as boas prácticas identificadas;
- noticias relacionadas coa política de cohesión europea, os Fondos Estruturais, o FEDER e o PO;
- enlaces a outras páxinas web comunitarias ou nacionais con información sobre os Fondos e, en particular, sobre o FEDER; etc.

Para iso, na fase de lanzamento do PO, habilitarase un apartado específico relativo aos Fondos Estruturais na páxina web da Dirección Xeral de Planificación e Fondos.

MEDIDA 2.

Actualización de contidos da páxina web da Consellería de Facenda e da Dirección General de Fondos Comunitarios

Os contidos das páxinas web da Dirección Xeral de Planificación e Fondos e da Dirección General de Fondos Comunitarios relacionados co PO serán alimentados de forma periódica ao longo de todo o período de programación, co obxecto de que os seus usuarios conten en todo momento con información actualizada.

MEDIDA 3.

Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación, de conformidade co art. 7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006

A autoridade de xestión do PO publicará en versión electrónica, a través da súa páxina web institucional, un listado cos nomes dos beneficiarios, os nomes das operacións executadas e a contía pública asignada a cada unha delas.

Así mesmo, a páxina web da D.X. de Planificación e Fondos disporá dun enlace ao sitio web da DGFC onde se atope o mencionado listado.

MEDIDA 4.

Celebración dun acto institucional de presentación do PO, logo da súa aprobación

A organización dun acto de presentación do programa operativo, unha vez aprobado, constitúe un requisito regulamentario[6] que atenderán simultaneamente a autoridade de xestión e o organismo intermedio do programa.

A DGFC realizará un acto de sinatura formal dos programas operativos do FEDER para o novo período 2007-2013, que contará coa presenza de altos representantes da Comisión Europea, das administracións rexionais e da Administración General del Estado.

Así mesmo, a D.X. de Planificación e Fondos celebrará un acto na capital da comunidade para presentar institucionalmente o Programa Operativo FEDER de Galicia aos axentes rexionais.

MEDIDA 5.

Edición e distribución do texto do PO

Co obxecto de difundir o máis amplamente posible o Programa Operativo FEDER 2007-2013 de Galicia e poñelo a disposición de todas as partes interesadas[7], o seu texto editarase, en papel, en CD e en versión electrónica, e será difundido entre todos os axentes rexionais interesados pola autoridade de xestión, o organismo intermedio e os órganos xestores, ben nas súas sedes e nos actos que organicen, ben a través das súas páxinas web.

MEDIDA 6.

Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e os seus resultados

A normativa comunitaria establece a obrigatoriedade de organizar anualmente un acto de presentación dos logros e resultados acadados coa implementación dos programas operativos[8], polo que tanto a DGFC como a Dirección Xeral de Planificación e Fondos organizarán un acto deste tipo.

A autoridade de xestión organizará unha actividade anual conxunta para todos os programas operativos do FEDER de aplicación en España, con participación da Comisión, representantes desta e representantes rexionais, que se levará a cabo en distintos territorios e na que se promocionarán os avances rexistrados nos POs, en particular os do PO FEDER de Galicia, e daranse a coñecer aspectos relevantes de boas prácticas en cada período.

---

[6] Art. 7.2. a) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.
[7] De conformidade co art. 5.1 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.
[8] Art. 7.2.b) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

Pola súa parte, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos realizará un acto anual limitado exclusivamente ao programa operativo de Galicia, no que se presentarán os avances na execución do programa, os proxectos máis emblemáticos, os resultados acadados coas intervencións, as boas prácticas identificadas; etc.

MEDIDA 7.

Izamento da bandeira da Unión Europea durante unha semana a partir do 9 de maio (día de Europa)

Tal e como dita o Regulamento de Aplicación dos Fondos Estruturais do novo período[9], a bandeira da Unión Europea permanecerá izada nos locais da autoridade de xestión e do organismo intermedio durante unha semana a partir do 9 de maio de cada ano, en conmemoración do día de Europa.

MEDIDA 8.

Celebración dun acto de presentación dos resultados do PO

Unha vez concluída a fase de execución das intervencións (ao peche do período de execución 2007-2013), organizarase un acto similar os celebrados anualmente, no que se fará referencia á execución das intervencións do programa, os proxectos desenvolvidos de maior interese, as boas prácticas identificadas, os resultados obtidos coa implementación do programa, as principais conclusións das súas avaliacións, etc.

MEDIDA 9.

Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO nos medios de comunicación rexionais

Con motivo da aprobación do programa operativo e coa finalidade de dalo a coñecer a todos os axentes rexionais, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos poñerá en marcha unha campaña de publicidade nos medios de comunicación rexionais na que se difundan as súas principais características.

MEDIDA 10.

Realización de accións de difusión dos avances e resultados do programa en medios de comunicación

Considérase de vital importancia trasladar á cidadanía galega os resultados obtidos como consecuencia da implementación do programa operativo, polo que cada ano a Dirección Xeral de Planificación e Fondos transmitirá os aspectos máis destacables da evolución do programa.

---

[9] Art. 7.2.c) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

MEDIDA 11.

Publicación de artigos relacionados co PO en revistas especializadas

O igual que se facía no período anterior, aproveitaranse revistas especializadas en economía ou desenvolvemento rexional para difundir noticias relacionadas co programa operativo, ben referidas á súa planificación e estratexia, á súa execución, ou aos seus resultados.

MEDIDA 12.

Mención ao PO nos instrumentos de comunicación xerais da autoridade de xestión, do organismo intermedio e dos órganos xestores

O cofinanciamento comunitario das políticas económicas públicas de Galicia debe poñerse de manifesto, non só nas actuacións de información e publicidade ao amparo do presente plan, senón tamén nas comunicacións xerais dos órganos implicados na xestión do PO.

Deste xeito, tratarase de mencionar nas publicacións, materiais publicitarios, anuncios en medios, presentacións e actos institucionais, etc., dos devanditos organismos a participación do FEDER nalgunhas das actuacións que xestionan e a súa implicación no desenvolvemento do programa operativo.

En todo caso, potenciarase que cando sexa pertinente e haxa unha presenza de representantes de calquera administración nos medios de comunicación se insista na importancia do cofinanciamento dos fondos europeos en complementariedade co esforzo investidor nacional e rexional.

MEDIDA 13.

Realización de accións de difusión dos resultados do PO en medios de comunicación

Dando continuidade ás actividades de difusión periódicas, ao termo da fase de execución do programa a Dirección Xeral de Planificación e Fondos dará publicidade os logros acadados coa implementación do programa.

MEDIDA 14.

Edición e distribución de material divulgativo sobre o PO e as súas principais características

Editarase material divulgativo (folletos, despregables, carteis, audiovisuais e/ou outros materiais de divulgación) sobre o PO, os seus obxectivos e o contido das súas intervencións, como instrumento de difusión das características deste, que poida ser distribuído en: as sedes da autoridade de xestión, o organismo intermedio e os órganos xestores; a través das páxinas web da DGFC e a consellería; nos actos que se organicen vinculados ao programa operativo; etc.

MEDIDA 15.

Edición e distribución de material divulgativo e dunha publicación sobre os avances e resultados do PO

Dada a importancia de trasladar á cidadanía os resultados do programa e dar visibilidade ao labor que a UE desempeña a favor do desenvolvemento económico e social de Galicia, editarase material divulgativo (folletos, despregables, carteis, audiovisuais e/ou outros materiais de divulgación) que resalte estes aspectos.

O devandito material irá dando conta dos logros e resultados que se vaian alcanzando co PO ao longo do período e será distribuído nas sedes dos órganos xestores, o organismo intermedio e a autoridade de xestión, a través das páxinas web da DGFC e a consellería, e nos actos que se organicen vinculados ao programa operativo.

Así mesmo e co obxecto de dar a maior difusión posible os resultados obtidos co programa, ao termo do período de execución editarase unha publicación, tanto en papel coma en versión electrónica, que recolla os aspectos máis reseñables da execución e avaliación das intervencións desenvolvidas.

MEDIDA 16.

Colocación de placas explicativas nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art.8.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006

De acordo coa regulamentación comunitaria[10], os beneficiarios colocarán placas explicativas, visibles e de grande tamaño, nun prazo de seis meses a partir da conclusión dunha operación, cando esta cumpra os criterios seguintes:

- a contribución pública total á operación supere os 500.000 €,
- a operación consista na compra dun obxecto físico, no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

MEDIDA 17.

Colocación de carteis nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción, conforme ao art. 8.3 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006

Tal e como marca o Regulamento (CE) Nº 1828/2006[11], os beneficiarios colocarán un cartel no enclave das operacións, durante a execución destas, cando estas cumpran os criterios seguintes:

- a contribución pública total á operación supere os 500.000 €,
- a operación consista no financiamento dunha infraestrutura ou en traballos de construción.

---

[10] Art. 8.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.
[11] Art. 8.3 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

MEDIDA 18.

Información a todas as partes que interveñan nas operacións do cofinanciamento do FEDER

A información a todas as partes implicadas nas operacións da contribución financeira do FEDER é un requisito regulamentario[12], que se garantirá facendo referencia ao Fondo en todos os materiais e documentos que elaboren os organismos implicados na xestión e/ou execución do PO en relación coas intervencións.

5.2. Medidas de información, dirixidas os órganos xestores, os beneficiarios e os potenciais beneficiarios

As medidas de información do plan están enfocadas a:

a) Dar a coñecer aos potenciais beneficiarios o PO e chamar a súa atención sobre as posibilidades de financiamento que este pon á súa disposición, fomentando a súa participación na execución das intervencións.

b) Garantir que todos os axentes que participan na xestión e/ou execución do programa (beneficiarios e órganos xestores) contan con información completa e transparente para desenvolver correctamente as súas funcións.

Para alcanzar estes obxectivos empregaranse os seguintes medios:

- Edición e distribución de material divulgativo, en papel e en formato electrónico, sobre as oportunidades de financiamento que brinda o PO.
- Publicación de anuncios en medios de comunicación rexionais, co obxecto de difundir as convocatorias lanzadas no marco do PO.
- Utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a xestión do fondo os órganos xestores e executores dos proxectos.
- Información útil os potenciais beneficiarios nas ordes das convocatorias de axudas.
- Información de utilidade aos xestores e beneficiarios para a xestión e/ou execución das intervencións: comunicacións escritas, guías, formación e asesoramento.

A continuación descríbese cada unha das medidas de información previstas, o desenvolvemento das cales terá lugar, en todos os casos, na fase de execución das intervencións.

MEDIDA 19.

Inclusión na páxina web da Consellería de Facenda e da Dirección General de Fondos Comunitarios de toda a información, documentación e normativa relativa á xestión do PO

Dende as páxinas web da consellería e da Dirección General de Fondos Comunitarios poderase descargar todo tipo de documentación relacionada co programa: o propio

[12] Art. 8.4 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

programa operativo; o plan de comunicación; a normativa comunitaria, nacional e rexional aplicable; os informes anuais e final de execución; os informes de avaliación do programa; os informes de avaliación do plan de comunicación; etc.

MEDIDA 20.

Realización de anuncios en medios de comunicación sobre as convocatorias abertas no marco do PO

A difusión das oportunidades financeiras que ofrece o PO será a máxima posible, de acordo coa normativa comunitaria[13], polo que se poñerán anuncios nos principais medios de comunicación rexionais, dando conta das convocatorias abertas no marco do programa, dos principais requisitos para poder optar ao financiamento e do prazo de presentación de solicitudes.

MEDIDA 21.

Edición e distribución de material divulgativo sobre as oportunidades de financiamento que ofrece o PO

Ademais do material divulgativo editado na Medida 14, a D.X. de Planificación e Fondos e os órganos xestores das intervencións desenvolverán outros materiais do mesmo tipo nos que se resalten as posibilidades de financiamento que ofrece o programa operativo os diversos axentes rexionais (empresas, cámaras de comercio, entidades sen ánimo de lucro,...) e nos diferentes ámbitos de actuación (novas tecnoloxías, I+D, transporte,...).

A distribución deste material, dirixido fundamentalmente os potenciais beneficiarios, realizarana o organismo intermedio, a autoridade de xestión e os órganos xestores, ben en sede ben telematicamente a través dos seus espazos web.

MEDIDA 22.

Mención expresa nas convocatorias de información clara e detallada sobre os mecanismos de acceso ao financiamento

Como estipula a normativa comunitaria[14], mencionaranse, expresa, clara e detalladamente, en todas as convocatorias que se lancen no marco do programa:

- as condicións que deben cumprirse para acceder ao financiamento;
- os procedementos de exame das solicitudes e os seus tempos;
- os criterios de selección das operacións;
- e os contactos a nivel nacional, rexional ou local que poidan facilitar información adicional sobre o programa.

---

[13] Art. 5.1 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.
[14] Art. 5.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

MEDIDA 23.

Mención expresa nas convocatorias das obrigas que levará consigo a aceptación da axuda comunitaria aos beneficiarios

Considérase acertado anticipar os potenciais beneficiarios, nas ordes de convocatoria, as obrigas de maior calado que deberán asumir se finalmente son seleccionados, en calidade de perceptores de axuda comunitaria. A envergadura das tarefas que deberán realizar en materia de xestión, seguimento, avaliación, control, información e publicidade dos proxectos que executen, aconsella informalos previamente de este particular, posto que podería condicionar, nalgún caso, a decisión de presentar a súa solicitude.

MEDIDA 24.

Comunicación escrita os órganos xestores das obrigas e tarefas que se lle atribúen no marco do PO e posta a disposición destes da documentación e materiais que faciliten o seu labor

A DGFC e a Dirección Xeral de Planificación e Fondos informarán por escrito os órganos xestores das funcións e tarefas das que deberán encargarse en relación coa xestión, o seguimento, a avaliación, o control, a información e a publicidade das accións do programa operativo.

Así mesmo, para facilitar o seu desempeño, poñerán á súa disposición toda a documentación e os materiais que consideren que lles sexan de utilidade (normativa, guías de xestión, manuais de procedementos,...).

MEDIDA 25.

Comunicación oficial, aos beneficiarios, de que a aceptación do financiamento implica a súa aparición na lista publicada conforme ao art.7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006

Como dita a normativa comunitaria[15], os potenciais beneficiarios serán informados, nas ordes de convocatoria, da obrigatoriedade de aparecer, se finalmente son seleccionados, na lista publicada pola DGFC cos nomes das operacións, os nomes dos beneficiarios e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación.

MEDIDA 26.

Comunicación oficial, aos beneficiarios, das responsabilidades e tarefas que deben asumir logo da percepción da axuda comunitaria, e posta á súa disposición de documentación e materiais que faciliten o seu labor

Os beneficiarios finalmente seleccionados comunicaráselles oficialmente e por escrito as funcións e tarefas que deberán asumir como consecuencia da súa condición de

[15] Art. 6 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

beneficiarios de axuda comunitaria, en relación á xestión, o seguimento, a avaliación, o control, a información e a publicidade das accións da súa competencia.

Ademais, a DGFC, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos e todos os órganos xestores das intervencións poñerán a disposición dos beneficiarios toda a documentación e o material que consideren que lles sexa de utilidade para o desempeño destas funcións (normativa, guías de xestión, manuais de procedementos,...) e comunicaranlles calquera cambio que se produza na normativa ou nos procedementos de xestión do PO durante a súa vida.

MEDIDA 27.

Elaboración e distribución de guías ou orientacións metodolóxicas para a xestión do PO

Para facer máis áxil e operativo a xestión, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos elaborará unha guía de xestión do PO, destinada os órganos xestores e executores deste, na que se lles oriente e proporcionen pautas metodolóxicas para desempeñar correcta e eficientemente as súas funcións (validación de gastos, solicitude de pagamentos, presentación de informes,...).

MEDIDA 28.

Impartición de formación sobre os procedementos de xestión do PO

A posta a disposición dos xestores de guías de xestión que recollan os procedementos de xestión do PO completarase coa impartición de sesións de formación sobre estas, que terán lugar logo da distribución das guías, co obxecto de facilitar a súa comprensión.

MEDIDA 29.

Elaboración e distribución os órganos xestores e os beneficiarios dunha guía práctica de información e publicidade

Ao igual que no período anterior e dado que quedou demostrada a súa utilidade e eficacia, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos elaborará e distribuirá entre os órganos executores e xestores unha guía práctica de información e publicidade, que recolla os requisitos normativos que deben cumprir nesta materia e estableza as normas técnicas o respecto.

MEDIDA 30.

Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión

A DGFC e a Dirección Xeral de Planificación e Fondos estarán en todo momento a disposición dos órganos xestores e executores para asesoralos, formalos e apoialos nas súas tarefas de xestión, asistíndoos tecnicamente en todo aquilo que lles xere algún tipo de dificultade.

6. ORZAMENTO INDICATIVO

As medidas incluídas no "Plan de Comunicación do Programa Operativo do FEDER de Galicia 2007-2013", así como as tarefas de seguimento e avaliación do mesmo, serán financiadas con cargo ao eixe de Asistencia técnica do devandito programa, estimándose un presuposto aproximado para as mesmas do 7% do custo total asignado ao devandito eixe (446.340 €, aproximadamente).

Cabe citar, non obstante, que, ademais das accións de información e publicidade incluídas no eixe de Asistencia técnica, os órganos xestores e executores das intervencións levarán a cabo outras actuacións de comunicación no marco dos seus proxectos específicos, o financiamento dos cales irá con cargo ao eixe do programa en que os devanditos proxectos se enmarquen.

"O presuposto indicativo que se presenta adecúase totalmente aos obxectivos e os medios propostos no plan, así como aos resultados esperados da súa posta en práctica. Así mesmo, a hora de elaborar o presuposto das accións de información e publicidade neste plan de comunicación, existe unha coherencia global entre o orzamento total do mesmo e a dotación de Asistencia técnica asociada ao programa operativo, posto que esta previuse incluíndo o montante destinado á comunicación xunto a outras actuacións ligadas coa avaliación e mesmo co propio seguimento do programa operativo e, no seu caso, con gastos das propias administracións e/ou con outros gastos noutros eixes".

7. ORGANISMOS RESPONSABLES DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Son responsables da aplicación do plan e do cumprimento da normativa comunitaria en materia de información e publicidade, cada un nas intervencións do ámbito das súas competencias:

- A Autoridade de Xestión do FEDER, representada pola Subdirección General de Administración del FEDER da Dirección General de Fondos Comunitarios del Ministerio de Economía y Hacienda.
- Organismo intermedio rexional do PO FEDER, representado pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Así como en aquelas medidas que lles competen:

- Aqueles organismos intermedios designados pola Dirección General de Fondos Comunitarios que aparecen no Programa Operativo do FEDER de Galicia.
- Aqueles organismos xestores da Xunta de Galicia que colaboren co organismo intermedio nos labores de difusión da información e publicidade dirixidas aos beneficiarios potenciais.
- Os beneficiarios

CREACIÓN DE REDES E INTERCAMBIO DE BOAS PRÁCTICAS

Nesta liña impulsado pola autoridade de xestión constituíuse o Grupo Español de Responsables en materia de información e publicidade (GERIP), integrado polas persoas responsables nesta materia representantes das autoridades de xestión do FSE e do FEDER e das comunidades autónomas. Este grupo incidirá non só na organización e posta en marcha dos distintos plans de comunicación, senón tamén en todas as actividades de seguimento e avaliación destes. A constitución deste grupo de responsables en materia de comunicación é o primeiro paso dado polas autoridades de xestión na liña de especial sensibilización destas no establecemento de redes comunitarias que permitan garantir o intercambio de boas prácticas e o intercambio de experiencias en materia de información e publicidade

Por outra banda, tamén a autoridade de xestión constituíu un grupo de responsables en materia de información e publicidade cos responsables nesta materia da autoridade de xestión do FEDER e os responsables dos distintos Organismos da AGE, que servirá de canle para informar e tomar decisións nas materias relacionadas coa información e a publicidade, no ámbito das súas competencias dentro de cada programa operativo

Nesta liña de potenciar boas prácticas, farase un esforzo por intentar participar das convocatorias anuais, que a través da iniciativa Regio Star, permitan unha maior difusión daqueles casos de boas prácticas desenvolvidas a través do programa operativo para o que se presenta este plan de comunicación.

PERSOAS DE CONTACTO RESPONSABLES DA INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

- No que respecta á coordinación das accións deste plan de comunicación asumirana, en estreita colaboración coa responsable en materia de información e publicidade da autoridade de xestión, Dª Ángeles Gayoso, o representante elixido polo Organismo Intermedio do Programa Operativo do FEDER de Galicia, isto é, pola Dirección Xeral de Planificación e Fondos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia para formar parte do grupo constituído ao efecto coas representantes das autoridades de xestión e os dos organismos intermedios das distintas administracións rexionais, Dª Mª Dolores Linares Cuerpo, polo que estas serán as persoas de contacto responsables do plan.

Datos da representante da autoridade de xestión:

Ángeles Gayoso Rico

Vogal Asesora

Dirección General de Fondos Comunitarios

Ministerio de Economía y Hacienda

Tel.34-91.583. 76. 43

Email: agayoso@sgpg.meh.es

Datos do representante do organismo intermedio:

Mª Dolores Linares Cuerpo

Subdirectora Xeral de Planificación

Dirección Xeral de Planificación e Fondos

Consellería de Facenda

Xunta de Galicia

Tel. 34-981.545.150

Email: dlinares@conselleriadefacenda.es

8. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

8.1. Seguimento do plan

O sistema de seguimento das medidas do plan de comunicación estará orientado a cumprir co establecido ao respecto no art. 4 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006, polo que o seu principal obxectivo será garantir que se dispón en todo momento da información necesaria para atender os requirimentos da normativa comunitaria.

Neste sentido, o devandito Regulamento estipula a obrigatoriedade de achegar información periódica sobre a aplicación do plan de comunicación nas reunións do comité de seguimento e nos informes de execución do programa:

- Comunicación de información o comité de seguimento: O comité de seguimento do Programa Operativo do FEDER de Galicia recibirá información anual da autoridade de xestión e do organismo intermedio sobre:
    - o plan de comunicación e os avances na súa aplicación;
    - as medidas do plan levadas a cabo;
    - os medios de comunicación utilizados;
    - o grao de execución física e financeira do plan (indicadores de seguimento);
    - e o contido de calquera modificación importante do plan.

- Inclusión de información nos informes anuais e final de execución do PO: Estes informes conterán un capítulo dedicado a presentar os avances na aplicación do plan de comunicación, ofrecendo información cualitativa e cuantitativa sobre:
    - as medidas de información e publicidade levadas a cabo no marco do plan de comunicación;
    - os medios de comunicación utilizados;
    - as disposicións relativas á publicación, electrónica ou por outros medios, da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados;
    - grao de execución física e financeira das medidas do plan (indicadores de seguimento);
    - e o contido de calquera modificación importante do plan de comunicación.

8.2. Avaliación do plan

As avaliacións do plan de comunicación terán por obxecto valorar o grao de consecución dos seus obxectivos, isto é, medir a eficacia das medidas de comunicación emprendidas.

Está previsto realizar dous exercicios de avaliación ao longo do período, nos anos 2010 e 2013, que permitan comprobar se a aplicación do plan logrou aumentar a visibilidade do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, do programa operativo e do papel desempeñado pola Unión Europea, así como valorar a calidade das accións desenvolvidas.

Ambas as dúas avaliacións realizaranse no marco das avaliacións xerais do programa, presentándose como anexos a estas, cando se leve a cabo unha avaliación xeral nos devanditos anos ou como unha avaliación específica. Seguirase a metodoloxía de avaliación que se estableza na guía metodolóxica que a autoridade de xestión elabore para estes efectos, xunto coa relativa á avaliación xeral, e que será obxecto de consenso no marco do grupo de responsables de comunicación.

Os resultados destas avaliacións presentaranse nos seguintes informes relativos ao programa:

- Informes de avaliación do programa operativo: Os informes de avaliación do Programa Operativo do FEDER de Galicia incluirán, como anexo, o último informe de avaliación do plan de comunicación.
- Informes de execución anual do programa operativo: Os informes de execución anual correspondentes aos anos en que se avalíe o plan de comunicación (2010 e 2013) conterán un capítulo que recolla os principais resultados da avaliación do plan de comunicación, tal e como establece o art. 4.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

9. ANEXO DE INDICADORES

INDICADORES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

PLAN DE COMUNICACIÓN DE GALICIA (FEDER)

TIPOS DE ACTIVIDADES	INDICADORES DE REALIZACIÓN		INDICADORES DE RESULTADOS	
1. ACTIVIDADES E ACTOS PÚBLICOS	(Nº) EVENTOS REALIZADOS	295	(Nº) ASISTENTES	19.175
2. DIFUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN	(Nº) ACTOS DIFUSIÓN	285		
3. PUBLICACIÓNS REALIZADAS	(Nº) PUBLICACIÓNS EXTERNAS	140	(%) PUBLICACIÓNS DISTRIBUIDAS/EDITADAS	95
			(Nº) PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN	144
4. INFORMACIÓN A TRAVÉS PÁXINAS WEB	(Nº) PÁXINAS WEB	2	(Nº) PROMEDIO ANUAL VISITAS	96.000
5. INFORMACIÓN A TRAVÉS DE CALQUERA TIPO DE CARTELEIRA	(Nº) SOPORTES PUBLICITARIOS	595		
6. INSTRUCCIÓNS EMITIDAS HACIA OS PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS OPERATIVOS	(Nº) DOCUMENTACIÓN INTERNA DISTRIBUÍDA	53	(%) ORGANISMOS CUBERTOS	100
7. REDES DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.	(Nº) REDES	2	(Nº) REUNIÓNS	37
			(Nº) ASISTENTES	91

NOTA METODOLÓXICA SOBRE OS INDICADORES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1. Actividades e actos públicos

   Recóllense o número de actos de lanzamento do/os programas operativos para os que se elabora o plan de comunicación, os actos informativos importantes anuais, actos en torno do día de Europa e calquera outro evento contemplado para desenvolver as medidas do plan ou transmitir información acerca da política comunitaria en España.

2. Difusión en medios de comunicación

   Neste epígrafe recóllense distintos tipos de accións de difusión realizadas nos medios (anuncios en TV, anuncios en prensa, cuñas en radio, "banner" en Internet, notas de prensa en teletipos, ...) utilizados de forma individual ou formando parte dunha campaña publicitaria con motivo de dar a coñecer o programa operativo ou algunha das súas actuacións concretas, ou a política rexional europea, entre a cidadanía.

3. Publicacións realizadas

   Recóllense calquera tipo de publicacións editadas (en soporte papel ou electrónico: libros, folletos, revistas, CD, DVD, videos...) dirixidos á cidadanía coa finalidade de dar a coñecer o programa operativo ou algunha das súas actuacións concretas. Así como aquelas relacionadas coa política rexional europea.

4. Información a través de páxinas web

   Contabiliza as principais web utilizadas para a transmisión de información sobre o PO ou algunhas actuacións en concreto, así como a relacionada coa política rexional europea. No caso dos programas rexionais contabilízanse só as relativas á/ás autoridades de xestión e a/ás dos organismos intermedios rexionais responsables da xestión dos Fondos nas distintas administracións rexionais

5. Información a través de calquera tipo de carteleira

   Recóllense os distintos soportes (pósteres, carteis, placas, expositores, stands e/ou valla) utilizados con fins publicitarios, coa finalidade de dar a coñecer o programa operativo ou algunha das súas actuacións concretas entre a cidadanía.

6. Instrucións emitidas cara os participantes dos programas operativos

   Inclúese toda a documentación distribuída dende as autoridades de xestión e/ou os Organismos intermedios aos organismos xestores dos programas operativos e/ou potenciais beneficiarios/ beneficiarios dos Fondos Europeos aplicados a través dos distintos programas operativos, (guías metodolóxicas, instrucións, informes....).

   Trátase de garantir a transparencia das actuacións para conseguir a maior excelencia nas actuacións a cofinanciar a través dos fondos europeos e facilitar o cumprimento da normativa comunitaria

7. Redes de información e publicidade

   Recóllense as redes de comunicación establecidas para poñer en marcha e levar á práctica a estratexia de comunicación plasmada nos distintos plans de comunicación.

   Na liña de especial sensibilización sobre o establecemento de redes comunitarias, que permitan garantir o intercambio de boas prácticas e o intercambio de experiencias en materia de información e publicidade.

En todo caso, hai que sinalar que os indicadores propostos se deseñaron respectando o criterio de proporcionalidade e a coherencia co conxunto das actuacións recollidas nos distintos programas operativos.

Así mesmo, tratouse de garantir a transparencia nas actuacións, para conseguir as mellores actuacións posibles a cofinanciar a través dos fondos europeos e de concienciar á cidadanía do papel que a Unión Europea xoga no incremento da súa calidade de vida, resaltando o papel que niso poden ter actuacións concretas recollidas nos distintos programas operativos. Para iso tívose moi en conta, nos casos que se viu necesario, aquelas actuacións máis novidosas e/ou destacadas no período de programación 2007-2013, como poidan ser as relacionadas coa I+D+i, as relativas ao Jeremi, ao novo Fondo para as rexións ultraperiféricas...

2

Anexo
Plan de comunicación del PO FSE Galicia 2007-2013.

1. PRESENTACIÓN

O adecuado aproveitamento das ferramentas da política rexional depende, en boa medida, do grao de implicación dos axentes económicos e sociais, e da poboación en xeral. Para iso, faise necesario instrumentar unha **adecuada política de comunicación** que dea a coñecer as oportunidades que brindan os Fondos Europeos. Só así se obterá o máximo proveito da política rexional comunitaria e garantirase o seu mellor rendemento futuro.

Máis aínda se se ten en conta un dos considerandos do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión que recoñece que "*os cidadáns da Unión Europea non están suficientemente informados do papel que desempeña a Comunidade nos programas de financiamento destinados a reforzar a competitividade económica, crear postos de traballo e fortalecer a cohesión interna*".

De feito, a Sección 1ª do Capítulo II do citado Regulamento establece as obrigas que, sobre esta materia, deben desenvolverse respecto ás actividades cofinanciadas polos Fondos Estruturais na rexión.

Desta forma, a xestión das actividades de información e publicidade nos programas operativos pasou a constituír unha obriga xurídica e a garantía da súa realización recae, tanto sobre a autoridade de xestión, coma sobre os propios beneficiarios.

En consecuencia, a xestión das intervencións estruturais debe integrar accións de visibilidade das súas actuacións. A posta en marcha de tales actuacións, así como o seu seguimento e avaliación, ten que ser, como a do resto dos ámbitos de xestión, especialmente coidada. Polo tanto, a súa correcta execución esixe o cumprimento das esixencias establecidas pola normativa comunitaria en materia de información e publicidade.

Sen dúbida, a obriga máis destacada a este respecto é a elaboración dun **plan de comunicación** (artigo 2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006), ben por parte do Estado, ou por parte da autoridade de xestión. O devandito plan configúrase como o principal instrumento para establecer, en primeiro lugar, as medidas en materia de información e publicidade necesarias para dar unha maior notoriedade e transparencia na actuación da UE e, en segundo lugar, para determinar as responsabilidades e funcións que han de desempeñar as diferentes partes implicadas na xestión dos programas operativos.

En consecuencia, de acordo coas esixencias dos Regulamentos (CE) Nº 1083/2006 e Nº 1828/2006 relativos á programación, xestión e seguimento dos Fondos Estruturais para o período 2007-2013, elaborouse o seguinte plan de comunicación, que abarca as medidas de información e publicidade destinadas, tanto aos beneficiarios potenciais e os beneficiarios, coma ao público en xeral, que, desde a Xunta de Galicia, se desenvolverán con respecto as súas medidas a desenvolver no marco do **programa operativo rexional do FSE**.

2. INTRODUCIÓN

2.1. Resultados da avaliación das medidas de información e publicidade do período 2000-2006

2.1.1. As medidas de información e publicidade levadas a cabo no período 2000-2006

O principal instrumento para a difusión das intervencións estruturais na rexión foi o **plan de accións de información e publicidade do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006**, que englobou todas as operacións comprendidas no POI con obxecto de cumprir coa normativa comunitaria de publicidade.

O órgano responsable da coordinación do devandito plan é a **Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia**. Pola súa banda, cada organismo executor é responsable da aplicación e cumprimento da normativa sobre información e publicidade nas intervencións da súa competencia incluídas no POI.

Os seus **obxectivos** poden resumirse en catro grandes apartados:

1. Garantir a transparencia da execución do programa.
2. Informar á opinión pública do papel que desempeña a Unión Europea a favor das actuacións contempladas no programa.
3. Proporcionar información sobre o contido do programa e sobre a contribución dos Fondos Estruturais aos obxectivos definidos no mesmo.
4. Difundir a información necesaria sobre o contido do programa que posibilite e induza a unha correcta utilización das dispoñibilidades financeiras asignadas.

Para garantir estes obxectivos contemplouse unha serie de **actuacións**, organizadas en dúas grandes **fases**:

- A primeira delas centrouse, fundamentalmente, **en dar a coñecer o contido do POI**, así como as súas posibilidades de desenvolvemento, a través das seguintes actuacións:
  - *Presentación*, de carácter institucional, do *Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006*.
  - *Difusión do POI* a través das novas tecnoloxías da comunicación. Para iso, deseñouse *unha páxina web* coa información máis relevante relacionada coa programación, execución e avaliación dos Fondos Estruturais.

- ✓ Difusión convencional do *POI*, en *publicación*, así como a súa presentación a través dos medios de comunicación social (comunicados de prensa, artigos en revistas de gran tirada, anuncios, etc.).
- ✓ Organización de *seminarios*, *xornadas* e *conferencias* co fin de dar a coñecer o papel dos Fondos Estruturais, os obxectivos específicos de cada un deles, a participación financeira no programa e a súa contribución aos obxectivos prioritarios definidos no mesmo.
- ✓ *Campañas de información e sensibilización* efectuadas ao longo de todo o período 2000-2006 sobre determinados temas directamente relacionados cos ámbitos de intervención do FSE.
- ✓ Emisión na TVG de *espazos televisivos* sobre as posibilidades que o FSE brinda en materia de ciclos formativos e novas titulacións de formación profesional, nos que se facía referencia explícita ao devandito fondo.
- ✓ Distribución de publicacións (*folletos* e *notas informativas*) sobre determinadas actividades financiadas a través do POI, así como a edición periódica de *boletíns* de carácter divulgativo que recollen a actualidade europea e a súa repercusión en Galicia.
- ✓ Elaboración da "*Guía da Publicidade e Información dos Fondos Estruturais e de Cohesión*", redactada pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia, para facilitar aos órganos executores a publicidade dos proxectos, tanto aos posibles beneficiarios, como ao público en xeral.
- ✓ Elaboración dun "*Manual de normativa básica de referencia*" cos principais Regulamentos de aplicación en materia de Fondos Estruturais.
- ✓ Elaboración dun *manual práctico de axuda aos beneficiarios*, con información sobre os procedementos de xestión do programa, tales como as certificacións, solicitudes de pago, presentación de informes, así como todo aquilo que se considere de interese para unha correcta e eficaz execución do programa.
- ✓ Publicación de "*Instruccións sobre as obrigas de publicidade debido ao emprego dos Fondos Estruturais da UE*", realizado pola Consellería de Innovación e Industria, como norma complementaria á orde reguladora das axudas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións de 2006.
- ✓ Elaboración pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do "*Manual Operativo para a xustificación de gastos cofinanciados polo FSE POI de Galicia (2000-2006)*" no que se detalla o contido da normativa europea e se describen os procedementos contables aplicables na xustificación dos gastos, co fin de cumprir coas esixencias regulamentarias correspondentes á xustificación e control das axudas.
- ✓ Nos *informes de axuda* das actuacións cofinanciadas polo FSE fíxose mención expresa na contratación e inserción laboral de mozos ao compromiso de aplicar de forma exhaustiva as medidas de comunicación necesarias para cumprir coas normas de información e publicidade establecidas regulamentariamente.

- ✓ No caso das medidas a favor do desenvolvemento do potencial endóxeno e as axudas públicas ás empresas, realizouse a difusión da información a través de: a *publicación de convocatorias de axudas* a través dos *diarios oficiais*, os anuncios das convocatorias nos medios de comunicación social, as *delegacións* e *oficinas de información* dos organismos intermedios, así como os folletos, trípticos e outros materiais promocionais.
- ✓ O deseño de *páxinas web* e *portais de internet* con información sobre *ensinos de formación profesional, programas de garantía social e educación* en xeral foi un instrumento moi accesible para toda a sociedade.
- ✓ Elaboración de *materiais informativos* e *divulgativos* de *boas prácticas*, a edición de *guías informativas de cursos de formación ocupacional ou da guía de educación secundaria de Galicia*, así como a publicación do "plan de formación do profesorado de formación profesional", en libro e en formato electrónico (CD), configuráronse como unha tipoloxía de actuacións moi útil para dar a coñecer as oportunidades que ofreceu o FSE na rexión durante 2000-2006.

Ilustración 1. Exemplos das accións de información e publicidade desenvolvidas durante o período 2000-2006

POI GALICIA 2000-2006	MANUAL DE NORMATIVA BÁSICA
GUIA DA PUBLICIDADE	**BOLETÍN GALICIA EUROPA**
	

- A segunda fase tiña por obxecto a **difusión da execución do POI e dos resultados obtidos** polo mesmo:
  - ✓ Publicación das *avaliacións intermedias* e das súas respectivas a*ctualizacións*, para a súa posterior remisión aos centros aos que se enviaron os documentos de programación.
  - ✓ Publicación dos respectivos *informes anuais* de execución do POI.
  - ✓ Publicación e mantemento actualizado d*a páxina web* de difusión das actividades de desenvolvemento no marco dos Fondos Estruturais.
  - ✓ Publicación en periódicos de ámbito local ou autonómico de *noticias relacionadas coas actuacións realizadas*.

Ilustración 2. Exemplos de publicacións en xornais de ámbito local ou autonómico de noticias relacionadas coas actuacións realizadas

ESPECIAL

FORMACIÓN OCUPACIONAL

Accións cofinanciadas polo Fondo Social Europeo

Hai programas formativos dirixidos a parados e tamén a traballadores ocupados

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

ESPECIAL

Especialidades homologadas

Outras accións estratéxicas

CURSOS A Consellería de Traballo acaba de publicar dúas ordes de convocatoria que están dirixidas a traballadores desempregados e a ocupados, cuns obxectivos concretos

Cofinanciamento da UE

A PROGRAMACIÓN PARA 05 NON OCUPADOS CONSTA DE TRES SUBPROGRAMAS

Ademais, os <u>órganos xestores responsables da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE</u> responsabilizáronse do cumprimento dos requisitos regulamentarios en materia de publicidade dirixida, tanto aos beneficiarios, como ao público en xeral, mediante a significación da participación comunitaria na documentación administrativa, como a través de *anuncios, carteis, folletos, trípticos, colocación de placas conmemorativas, expedición de certificados*, entre outros instrumentos, como se ilustra nos seguintes exemplos.

Ilustración 3. Exemplos das accións de información e publicidade desenvolvidas polos beneficiarios do FSE a través do POI 2000-2006

ANUNCIOS OFICIAIS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS
Dirección Xeral de Formación e Colocación

FONDO SOCIAL EUROPEO

CURSOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

- **Centro ofertante:** Fundación Laboral da Construcción
- **Nº de vacantes:** 5 + reservas
- **Nome do curso: ALBANEL**
- **Nº de horas:** 1.009
- **Perfil dos alumnos:** Ser desempregados inscritos no Servicio Público de Emprego
- **Horario do curso:** 8.30 a 14.42 horas

Enderezo completo. Localidade. Teléfono

CERTIFICADOS

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE
Dirección Xeral de Formación e Colocación

ASOCIACIÓN TÉXTIL DE GALICIA

D. JOSÉ ANTONIO ARUFO RODRÍGUEZ
en representación da Asociación Téxtil de Galicia

CERTIFICA QUE:

D./Dna. con D.N.I.: 000.000.000.-R
Asistiu con aproveitamento á acción formativa

CONTROL DE CALIDADE DE TRABALLOS EXTERIORES

Realizada en Roberto Verino Difusión, S.A. durante os días 26 de agosto de 2002 ó 23 de setembro de 2002, que tivo unha duración de 40 horas.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2002

A CONSELLERIRA, O XERENTE,

Asdo.: Asdo.:

DOCUMENTOS INFORMATIVOS

CAMPAÑAS PUBLICITARIAS

MANUAL OPERATIVO PARA A XUSTIFICACIÓN DE GASTOS COFINANCIADOS POLO FSE POI DE GALICIA



2.1.2. Conclusións e recomendacións

A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Xunta de Galicia velou por garantir o cumprimento das esixencias regulamentarias en materia de información e publicidade das intervencións estruturais do período 2000-2006 con incidencia na rexión.

O seu compromiso neste terreo intensificouse co tempo, como o mostra o feito de formar parte do Grupo de traballo informal de Información sobre Fondos Estruturais (SFIT), constituído pola Unidade de Información da DG Regio. De igual xeito, participou en grupos de traballo a nivel estatal e comunitario e realizou unha supervisión constante de todas as accións cofinanciadas, indicando aos xestores a necesidade de aplicar correctamente o Regulamento (CE) Nº 1159/2000 sobre as actividades de información e publicidade.

Isto viuse, ademais, reforzado pola aplicación do **Decreto 287/2000 sobre o réxime das axudas públicas**. De acordo con esta norma, a Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios emite un informe de coherencia onde se garante que as ordes de axudas da Xunta respecten estes criterios de información e publicidade.

Todo iso permitiu:

- Comprobar a existencia de **mecanismos que aseguren o respecto da normativa comunitaria en materia de difusión e publicidade**.
- Comprobar a existencia de **mecanismos propios que reforcen os beneficios derivados da realización das devanditas accións** de información e publicidade, permitindo identificar exemplos de boas prácticas neste ámbito.
- Comprobar que os **sistemas implantados resultan eficaces** de cara a poñer en coñecemento todos os beneficios derivados das intervencións dos Fondos Europeos, tanto aos beneficiarios como á sociedade en xeral.

Estas tarefas de control interno víronse reforzadas polas levadas a cabo, á súa vez, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, as unidades de control das autoridades de xestión e pagos, así como polos servizos da Comisión Europea.

A iso hai que engadir, tamén, os esforzos levados a cabo nos exercicios de avaliación do POI, que dedicaron unha parte da súa atención ao estudo do funcionamento dos sistemas de información e publicidade instaurados para asegurar a difusión da intervención e a transparencia na súa xestión.

A valoración xeral que o informe de avaliación intermedia fai do sistema de información e publicidade do POI é alta, recoñecendo, expresamente, que "coñécense e cúmprense as esixencias da vixente normativa comunitaria de publicidade e déronse traslado delas ás unidades executoras".

Así mesmo, os correspondentes informes anuais de execución incluíron información detallada das accións de información e publicidade levadas a cabo polos respectivos órganos xestores. Este seguimento continuo das accións de difusión facilitou o coñecemento dos instrumentos e canles utilizados, os destinatarios aos que se destinaban tales actuacións e o alcance real logrado polas mesmas.

En conclusión, os **resultados** máis significativos que cabe destacar a partir da experiencia do período 2000-2006 pódense sintetizar nos seguintes:

Táboa 1. Resultados máis relevantes que se desprenden das análises das medidas de información e publicidade

❶ As medidas de información e publicidade dispuxéronse de acordo cuns obxectivos ben determinados en función da tipoloxía dos colectivos destinatarios das mensaxes.

❷ O grao de transparencia nas diferentes fases da xestión dos proxectos cofinanciados foi aceptable.

❸ As accións dirixíronse a unha ampla gama de destinatarios: beneficiarios, institucións relacionadas coas actuacións emprendidas e o conxunto da poboación en xeral.

❹ Os órganos xestores dispuxeron de información suficiente, o que favoreceu que teñan un nivel aceptable de coñecemento sobre a normativa comunitaria.

❺ As medidas de información e publicidade adoptadas tiveron unha notable contribución ao obxectivo de dar a coñecer o apoio que ofrecen os Fondos Europeos ao desenvolvemento socioeconómico galego, grazas á amplitude das ferramentas utilizadas para iso.

Non obstante, é preciso ter en conta algunhas consideracións de cara a aumentar o impacto e a visibilidade da acción das axudas comunitarias en xeral, e do FSE en particular, en Galicia, como as que se recollen na seguinte táboa:

Táboa 2. Recomendacións máis relevantes das análises das medidas de información e publicidade

❶ Concienciar aos diferentes órganos de xestión, a través, por exemplo, de xornadas e seminarios, da necesidade dun control e seguimento das medidas de publicidade executadas.

❷ Consolidar e, no seu caso, optimizar os procedementos relacionados coas obrigacións de información e publicidade a satisfacer e as responsabilidades dos diferentes órganos implicados.

❸ Mellorar o asesoramento aos beneficiarios sobre todos os temas relacionados coas obrigacións de información e publicidade de cara a incrementar o seu grao de implicación nestas cuestiones.

❹ Aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías da información para aumentar o alcance das accións de comunicación.

Consecuentemente, cabe afirmar que o período de programación 2000-2006 serviu para acumular unha notable experiencia no terreo da información e a publicidade. Non en van, a elaboración do **plan de accións de información e publicidade do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006** e a súa posta en práctica supuxo a adquisición dunhas prácticas responsables neste sentido por parte dos órganos executores e xestores de fondos.

O reforzo e aproveitamento desta experiencia constitúe un punto de partida adecuado para avanzar na mellora dos mecanismos de información, difusión e publicidade a aplicar con relación ao Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013.

3. CONTIDO DO PLAN DE COMUNICACIÓN DO PO DO FSE DE GALICIA 2007-2013

3.1. Referentes metodolóxicos e normativos do plan de comunicación

A elaboración do presente **plan de comunicación do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013** precisou a consideración dun conxunto de elementos que configuran o referente metodolóxico básico. Máis en concreto, estes referentes metodolóxicos son os que se detallan a continuación:

Táboa 3. Referentes metodolóxicos fundamentais do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

Principais documentos relacionados coa programación 2007-2013
➢ O Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013. ➢ O Programa Operativo FSE de Galicia 2007-2013.
Principais documentos relacionados co período de programación 2000-2006 a considerar: lecciónns da experiencia
➢ A avaliación intermedia do POI de Galicia 2000-2006. ➢ A actualización da avaliación intermedia do POI de Galicia 2000-2006. ➢ Os informes snuais de execución do POI de Galicia 2000-2006.
Principais documentos regulamentarios que afectan ás cuestións de información e publicidade
➢ Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao FEDER, ao FSE e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) Nº 1260/1999. ➢ Regulamento (CE) Nº 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2006, relativo ao FSE e polo que se derroga o Regulamento (CE) Nº 1784/1999. ➢ Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006 polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) Nº 1083/2006.
Principais documentos metodolóxicos sobre información e publicidade
➢ Information and Communication Plan 2007 (European Commission Regional Policy Directorate-General). ➢ Methodology for Communicating the Use of EU Fund Co-Financing during the Programme Period 2007-2013 (Transparency, Coordination and Communication Management): Methodology for the Creation and Implementation of the OP Communication Action Plan (decembro, 2006).

Da normativa a aplicar derívanse as esixencias que se detallan na seguinte táboa:

Táboa 4. As esixencias normativas en materia de información e publicidade 2007-2013

Actuacións	Referente normativo
Responsabilidades da AUTORIDADE DE XESTIÓN relativas ás medidas de información **e publicidade destinadas aos BENEFICIARIOS POTENCIAIS**	
1. Realizar de conformidade co plan de comunicación, a **ampla difusión do PO**, con información sobre as contribucións financeiras do Fondo en cuestión e a súa posta a disposición de todas as partes interesadas.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art. 5.1
2. Realizar a maior **difusión** posible da **información das oportunidades financeiras** de axuda conxunta que ofrecen a Comunidade e os Estados membros a través do programa operativo.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art. 5.1
3. Facilitar aos beneficiarios potenciais **información** clara e detallada sobre: - as **condicións** que han de cumprirse para poder acceder ao financiamento no marco dun PO - a **descrición dos procedementos** de exame das solicitudes de financiamento e dos períodos de tempo correspondentes - os **criterios de selección** das operacións que se van financiar - os **contactos** a nivel nacional, rexional ou local que poden facilitar información dos programas operativos	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art. 5.2
Medidas de información e publicidade para os BENEFICIARIOS	
4. Realizar unha **actividade informativa** importante relativa á publicidade do **lanzamento do PO**, mesmo en ausencia da versión final do plan de comunicación.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art.7.2.a)
5. Realizar polo menos unha **actividade informativa anual** importante, de acordo co establecido no plan de comunicación, na que se presenten os **logros do PO**, incluídos, no seu caso, os proxectos importantes.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art.7.2.b)
6. **Izamento da bandeira da Unión Europea** durante unha semana a partir do 9 de maio (día de Europa).	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art.7.2. c)
7. Publicación da **lista de beneficiarios**, **operacións** e **fondos públicos** asignados a cada operación.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art.7.2.d)
Responsabilidades dos BENEFICIARIOS relativas ás medidas de información e publicidade destinadas ao PÚBLICO EN XERAL	
8. Colocación de **placas explicativas** permanente, visible e de gran tamaño, nun prazo máximo de seis meses a partir da conclusión dunha operación.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art.8.2
9. Colocación de **carteis** durante a execución da operación nos enclaves de determinadas operacións de infraestruturas e construción.	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art. 8.3
Medidas de información e publicidade de CARÁCTER XERAL	
10. Todas as medidas de información e publicidade teñen que incluír: - o **emblema** da Unión Europea, de conformidade coas normas gráficas establecidas no anexo I, así como a **referencia á Unión Europea** - a **referencia ao Fondo en cuestión** - unha **declaración** elixida pola autoridade de xestión, na que se destaque o valor engadido da intervención da Comunidade: *"O FSE inviste no teu futuro"*	Regulamento (CE) Nº 1828/2006, art. 9

3.2. Os obxectivos e os grupos destinatarios do plan de comunicación

3.2.1. Os obxectivos finais e intermedios do plan de comunicación

A elaboración do presente plan de comunicación atopa unha xustificación non menos importante que a que se desprende da normativa comunitaria. De feito, a súa formulación comparte a idea que a propia Comisión Europea sinala en "*The Annual Management Plan 2007*" de que a comunicación eficiente constitúe unha parte integral da política de cohesión que debe centrarse nas seguintes prioridades:

- Contribuír a unha execución transparente das intervencións e a mellorar a capacidade dos instrumentos da política de cohesión.
- Configurar uns sistemas de información e publicidade que favorezan a modernización da economía da UE e a estratexia para o crecemento e o emprego.
- Aumentar a calidade dos programas e das operacións cofinanciadas a través da política rexional europea mediante a identificación de casos de boas prácticas.
- Avanzar no proceso de reflexión sobre o futuro da política de cohesión como un dos principais instrumentos dos que dispón a UE.

Desde esta perspectiva, o plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013 aspira, sobre todo, a **dar unha mellor información sobre todo o relativo ao PO FSE**. Por iso, este plan se configura como o vehículo máis importante para facer chegar a **voz de Europa**, a través do FSE, a Galicia e a todos os cidadáns en xeral.

Así, o presente plan asume os postulados estratéxicos que a Comisión Europea considera imprescindibles para a formulación dunha estratexia eficaz de comunicación. Por iso, a estratexia que aquí se expón pretende contribuír ao **propósito** de facer visible e aclarar que:

- A Unión Europea e os Estados membros, así como tamén Galicia dentro da súa escala de intervención, traballan conxuntamente en favor dos territorios e segmentos sociais que presentan problemas.
- Perséguense uns obxectivos comúns, determinados, neste caso, pola propia finalidade que persegue o FSE.
- Realízase un esforzo compartido baseado no cofinanciamento de proxectos e medidas a desenvolver que posibilita multiplicar os seus efectos.

Tendo en conta isto, os piares fundamentais que sosteñen a estratexia de comunicación do PO FSE son, basicamente, dous: a **transparencia** e a **notoriedade**:

- Transparencia para estimular a participación de todos os axentes interesados na consecución dos obxectivos finais do PO FSE, antes mencionados. Isto implica facer comprensibles os procedementos de acceso ao financiamento, así como dar a

coñecer, moi claramente, as condicións de elixibilidade e os criterios de selección de proxectos, entre outras cuestións.

- Notoriedade para, non só aumentar a visibilidade da achega comunitaria ao desenvolvemento rexional, senón tamén para concienciar á poboación do firme compromiso que a UE mantén con Galicia.

Por iso, todas as medidas de información e publicidade que vai desenvolver a Xunta de Galicia no período 2007-2013, deben articularse de forma que contribúan a **elevar o coñecemento sobre as posibilidades de progreso que abre o PO do FSE de Galicia 2007-2013 e os beneficios que supón o mesmo**.

Desta forma, os obxectivos finais, ou estratéxicos, que establece o presente plan de comunicación poden concretarse en dous:

Táboa 5. Obxectivos finais do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

❶ Transparencia: Destacar as **oportunidades** que, en particular, supón o FSE para todos os cidadáns e as que, en xeral, ofrece a Política de Cohesión da UE.

❷ Notoriedade: Demostrar os **beneficios** logrados pola rexión grazas ao FSE, así como os que se derivan da participación activa de Galicia nun proxecto como o que representa a UE.

O primeiro destes obxectivos pretende asegurar unha ampla difusión da información sobre as diferentes posibilidades de financiamento dispoñibles, os obxectivos que se perseguen coas medidas a desenvolver programadas, os requisitos necesarios a satisfacer, así como as esixencias en materia de xestión e seguimento e as obrigas que en materia de difusión destes proxectos deben ser asumidas polos posibles beneficiarios.

O segundo dos obxectivos do plan céntrase en **informar axeitadamente ao conxunto da sociedade** do papel que xoga a UE nos programas de financiamento destinados a contribuír ao desenvolvemento do emprego, impulsando a empregabilidade, o espírito de empresa, a adaptabilidade, a igualdade de oportunidades e o investimento en recursos humanos.

Ao obxecto de materializar estes obxectivos finais nun conxunto de prioridades de comunicación, que faciliten a articulación dos ámbitos ou liñas de actuación de información e publicidade que contempla o plan, establécense uns **obxectivos de carácter máis específico** cuxa vinculación coas accións concretas a levar a cabo é máis directa. Tales obxectivos específicos son os seguintes:

Táboa 6. Obxectivos intermedios ou prioridades específicas do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

❶ Consolidar a imaxe da UE e do seu labor a favor do desenvolvemento rexional en Galicia, presentando a todos os interesados o PO FSE e as prioridades que persegue.

❷ Informar sobre a forma en que se utilizan os recursos do FSE, promovendo, así, a actividade responsable realizada pola UE en Galicia.

❸ Impulsar a participación dos beneficiarios e destinatarios no desenvolvemento e consecución dos obxectivos do programa.

❹ Mellorar o coñecemento dos logros conseguidos en Galicia grazas ao Fondo Social Europeo (FSE) como consecuencia do impacto da mellora da adaptabilidade, empregabilidade e do capital humano.

En definitiva, o enfoque e a articulación estratéxica do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013, pode representarse de forma gráfica de acordo co seguinte esquema:

Esquema 1. Enfoque estratéxico do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013



Esta estratexia de comunicación ten dúas vantaxes fundamentais que deben poñerse en valor:

Táboa 7. Vantaxes da estratexia de comunicación definida polo plan

❶ O plan de comunicación convértese nun instrumento que vai aportar elementos moi positivos para **mellorar a eficacia do PO FSE**.

❷ O plan de comunicación é a clave para **aproximar a política rexional**, a través do PO FSE, á **sociedade**, mediante a comprensión dos seus fins, os seus medios e os seus resultados.

3.2.2. Os grupos destinatarios do plan de comunicación

Para facilitar o óptimo funcionamento do PO do FSE de Galicia 2007-2013, toda a información relacionada co mesmo debe dirixirse, non só aos beneficiarios potenciais e aos beneficiarios da intervención, senón tamén á sociedade no seu conxunto afectada polas medidas a desenvolver.

Os destinatarios do presente plan de comunicación poden clasificarse en tres grupos ben diferenciados, cada un deles coas súas propias características e intereses e, por conseguinte, con **diferentes necesidades de información e coñecemento** da xestión dos Fondos Estruturais en xeral, e do FSE en particular.

O esquema ilustra esta clasificación de grupos destinatarios do plan:

Esquema 2. Grupos destinatarios do plan de comunicación



O éxito da estratexia de comunicación depende, en gran medida, do mantemento dun axeitado fluxo de información con todos estes grupos ou niveis de destinatarios, sobre os obxectivos estratéxicos e as accións que o integran, o seu desenvolvemento e os resultados obtidos.

a) Beneficiarios

O Regulamento (CE) Nº 1828/2006, no seu artigo 2, apartado 4, establece a definición do termo "beneficiario" tal e como segue: "*Todo operador, organismo ou empresa, de carácter público ou privado, responsable de iniciar ou de iniciar e executar as operacións. No ámbito dos réximes de axuda a que se refire o artigo 87 do tratado, entenderase por beneficiario toda empresa pública ou privada que leve a cabo un proxecto particular e reciba axuda pública*".

A partir da definición regulamentaria e tomando en consideración o contido do programa operativo do FSE de Galicia considérase conveniente diferenciar entre dous grupos de beneficiarios:

- **Os órganos de carácter administrativo** que son os órganos, que no ámbito da administración, teñen a misión de iniciar ou de iniciar e de executar as operacións, tales como:
  - ✓ Autoridade de xestión: *Unidad Administradora del Fondo Social Europeo* (centro dependente da Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo –Secretaría General de Empleo–Ministerio de Trabajo e Inmigración).
  - ✓ Órgano intermedio: *Dirección Xeral de Planificación e Fondos* da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
  - ✓ Os organismos xestores da Xunta de Galicia que colaboran co organismo intermedio.
- **Outros beneficiarios**, fundamentalmente receptores de axudas, tales como pemes, emprendedores/as, organizacións empresariais e sindicais, asociacións de calquera natureza, universidades, centros de investigación; entidades sen ánimo de lucro, organizacións non gobernamentais, etc.

b) Beneficiarios potenciais

O Regulamento non establece unha definición de beneficiario potencial de maneira explícita se ben o termo aparece recollido no Regulamento (CE) Nº 1828/2006 en repetidas ocasións. Este grupo de destinatarios inclúe a todos aqueles que poden estar interesados no acceso ao financiamento da programación, xa sexa iniciando ou iniciando e executando as operacións. Entre eles, considérase conveniente distinguir aos que pola súa estrutura e función presentan maior capacidade de difusión da información tales como os que se sitúan no ámbito administrativo, asociativo e representativo con maior capacidade de interlocución económica e social.

Entre estes destinatarios cabe destacar os interlocutores económicos e sociais e as entidades máis representativas da sociedade, como, entre outros:

- A administración local, cuxo expoñente máis destacado é a *Federación Galega de Municipios e Provincias*, ademais do resto de autoridades locais da rexión.

- Os principais axentes socioeconómicos rexionais:
  - Confederación Galega de Empresarios (CEG).
  - UXT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia.
  - Confederación Intersindical Galega (CIG).

c) O público en xeral

O programa operativo contempla como obxectivo fundamental "converxer en termos de crecemento e emprego" para elevar o benestar económico e social dos habitantes da rexión. Iso precisa a necesidade de deseñar accións de comunicación dirixidas ao público en xeral, entendendo por tal, preferentemente, o conxunto da sociedade galega.

En conclusión, o seguinte esquema sintetiza a tipoloxía dos principais destinatarios dos ámbitos ou liñas de actuación de información e publicidade das medidas a desenvolver cofinanciadas polo PO do FSE de Galicia 2007-2013.

Esquema 3. Principais destinatarios dos ámbitos ou liñas de actuación de información e publicidade das medidas a desenvolver cofinanciadas polo PO do FSE de Galicia 2007-2013



3.3. Definición da estratexia e contido das medidas de información e publicidade

Os ámbitos ou liñas de actuación de información e publicidade, adoptadas polo presente plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013, deseñáronse en coherencia cos obxectivos estratéxicos establecidos polo mesmo e sobre a base da experiencia acumulada durante o período de programación 2000-2006.

Ao mesmo tempo, ditos ámbitos ou liñas de actuación enmárcanse nun contexto xeral máis amplo determinado polas diferentes formas de intervención estrutural en Galicia. Isto fixo que as accións de comunicación contidas neste plan completen as previstas polo resto de programas cofinanciadas con Fondos Estruturais. A súa **coordinación** e **complementariedade** favorecen o logro de sinerxías de cara ao logro duns mellores resultados.

Igualmente, o seu contido tratou de adecuarse ás características dos destinatarios aos que se dirixe. Por conseguinte, estes van ser os que determinan a linguaxe máis apropiada a utilizar, así como a forma de transmitir a mensaxe que se pretende difundir ou os instrumentos a aplicar para iso.

O devandito enfoque facilita o reaxuste das accións xa deseñadas no plan anterior, suprimindo as que non se puideron probar adecuadas ou creando outras novas. Desta forma, favoreceuse a retroalimentación e adaptación continuada das accións en función das necesidades e dificultades detectadas ou que puideran xurdir durante a execución do PO.

Tendo en conta o anterior, cabe distinguir os seguintes ámbitos ou liñas de actuación:

➢ Mellor divulgación do papel da Unión Europea

A Unión Europea, mediante o seu apoio financeiro á política de cohesión, contribúe de forma significativa á mellora das condicións de vida dos cidadáns. As medidas a desenvolver dentro deste ámbito de actuación irán dirixidas ao público en xeral e perseguen a visibilidade e posta en valor da UE e da súa contribución ao desenvolvemento rexional.

Neste ámbito a comunicación debe ter un enfoque esencialmente publicitario, contando, para iso, tanto cos medios de comunicación e divulgación tradicionais, como cos máis novidosos vinculados á sociedade da información. En tanto en canto o destinatario fundamental é o público en xeral, xurde a necesidade de sintetizar e simplificar a mensaxe; neste sentido, o tratamento normalizado e sistemático dos elementos visuais, e en particular o emblema da UE, xogan un papel clave no proceso de comunicación. O devandito papel poténciase polo feito da unificación de criterios entre os diferentes programas rexionais da UE que se deriva da aplicación do anexo I do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 así como das medidas de coordinación entre autoridades.

➢ Mellor xestión e transparencia do uso dos recursos asignados ao PO FSE

Neste ámbito, as medidas de comunicación diríxense preferentemente aos beneficiarios e beneficiarios potenciais e presentan un dobre enfoque; por unha banda o de publicitar as posibilidades que ofrece a programación potenciando con iso o nivel de concorrencia e de participación, a competencia entre proxectos, o nivel de esixencia e a eficiencia no uso dos fondos. Doutra banda, informar do modo máis transparente e eficaz posible de cara a garantir e facilitar o cumprimento das esixencias normativas e dos criterios establecidos para o desenvolvemento do programa.

Mantendo os mesmos elementos visuais destinados ao público en xeral e mantendo tamén o criterio de claridade e facilidade de comprensión da mensaxe, é necesario afondar nos contidos. O fácil acceso á documentación en todos os niveis do desenvolvemento da programación, así como a axuda para a súa correcta comprensión, son as claves do proceso de comunicación neste nivel. En particular, no ámbito dos beneficiarios, considérase necesario diferenciar entre os dous subniveis correspondentes aos órganos de carácter administrativo tales como Organismos Intermedios ou outros encargados de iniciar ou de iniciar e de executar as operacións, e os chamados "outros beneficiarios" tales como pemes, persoas físicas, etc. O primeiro require asegurar un rigor e unha precisión que recomenda a utilización preferente de ferramentas de carácter preferentemente técnico tales como guías, manuais, instruccións, circulares, xornadas técnicas, etc.; o segundo require elementos máis accesibles e amables tales como trípticos, folletos, etc., cuxa función esencial é a de captar a atención dos interesados incidindo nas ideas esenciais (promoción da participación e do emprendedurismo, posibilidades de financiamento, prioridades, esixencias, etc.)

Táboa 8. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	MEDIOS E FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN	ORGANISMO EXECUTOR	DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS
Obxectivo intermedio 1.- CONSOLIDAR A IMAXE DA UE E DO SEU LABOR A FAVOR DO DESENVOLVEMENTO REXIONAL EN GALICIA, PRESENTANDO A TODOS OS INTERESADOS O PO FSE E AS PRIORIDADES QUE PERSEGUE.			
1.- Creación e mantemento dun sitio internet específico relativo á aplicación dos Fondos Estruturais en Galicia durante o período 2007-2013.	Páxina web da Consellería de Facenda	DXPF UAFSE	Público en xeral
2.- Acto de presentación institucional do programa operativo, tras a súa aprobación.	Acto institucional	DXPF UAFSE	
3.- Deseño e difusión do lema: "O FSE inviste no teu futuro".	Presenza no material promocional relacionado coas actuacións cofinanciadas	DXPF	
4.- Participación en foros, eventos e actos relacionados coa política rexional da UE nos ámbitos rexional, nacional, comunitario e internacional.	Reseña da participación e dos contidos en prensa escrita e internet	DXPF UAFSE Órganos xestores	
5.- Acto de izamento da bandeira da UE.	Acto institucional	DXPF UAFSE	
6.- Difusión do texto do programa operativo.	Edición en papel e en CD Inclusión en internet (páxina web e enlaces)	DXPF UAFSE Órganos xestores	
7.- Visualización da acción comunitaria na xestión documental	Mención expresa ao PO en todos os materiais, ferramentas e instrumentos de comunicación e difusión utilizados pola autoridade de xestión, os organismos intermedios e os xestores	DXPF UAFSE Beneficiarios	

DXPF – Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.
UAFSE – Unidad Administradora del Fondo Social Europeo. Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Táboa 8. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	MEDIOS E FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN	ORGANISMO EXECUTOR	DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS
Obxectivo intermedio 2.- INFORMAR SOBRE A FORMA EN QUE SE UTILIZAN OS RECURSOS DO FSE NA REXIÓN, PROMOVENDO ASÍ A ACTIVIDADE RESPONSABLE REALIZADA POLA UE EN GALICIA.			
8.- Difusión do papel da UE en relación co progreso rexional.	Edición de carteis, folletos, trípticos e outro material promocional	DXPF UAFSE	Público en xeral
9.- Difusión dos procedementos de xestión e control da programación.	Edición do manual de procedementos, guías, circulares e orientacións	DXPF UAFSE	Beneficiarios e beneficiarios potenciais
10.- Difusión da información das condicións de acceso ao financiamento.	Mención expresa nas convocatorias de axuda e no material promocional e divulgativo	DXPF UAFSE Órganos xestores	
11.- Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación.	Páxina web da autoridade de xestión Enlace desde a páxina web da consellería	DXPF UAFSE	
12.- Organización de actividades de formación dirixidas a xestores da programación.	Xornadas técnicas / reunións	DXPF UAFSE	
13.- Información aos beneficiarios das responsabilidades e tarefas ás que lles obriga a axuda comunitaria e posta á súa disposición das ferramentas que faciliten o seu labor.	Comunicación oficial	DXPF UAFSE	
14.- Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión.	Comunicacións escritas Guías e circulares Accesos e enlaces internet páxina web da Consellería de Facenda	DXPF UAFSE	
15.- Difusión do plan de comunicación do programa entre coordinadores e xestores do mesmo.	Páxina web da Consellería de Facenda	DXPF UAFSE	

DXPF – Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.
UAFSE – Unidad Administradora del Fondo Social Europeo. Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Táboa 8. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	MEDIOS E FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN	ORGANISMO RESPONSABLE	DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS
Obxectivo intermedio 3.- IMPULSAR A PARTICIPACIÓN DOS BENEFICIARIOS E DESTINATARIOS NO DESENVOLVEMENTO E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO PROGRAMA.			
16.- Edición de material divulgativo sobre o programa operativo e os seus principais obxectivos, prioridades, organización e características.	Folletos, trípticos e enlaces internet	DXPF UAFSE	Beneficiarios e beneficiarios potenciais
17.- Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO.	Anuncios en medios de comunicación de ámbito rexional e local Artigos en prensa	DXPF UAFSE	
18.- Presentación e difusión do programa entre os axentes económicos e sociais de Galicia.	Actos de presentación	DXPF UAFSE	
19.- Facilitar o acceso a toda a información actualizada, documentación e normativa relacionada coa programación.	Páxina web da Consellería de Facenda	DXPF UAFSE	
20.- Difusión dos criterios de selección das operacións entre os beneficiarios potenciais.	Circulares e guías Páxina web da Consellería de Facenda	DXPF UAFSE	
21.- Difusión de convocatorias de axudas e de contratación e da interpretación da documentación técnica relativa a convocatorias de axuda e contratacións.	Anuncios en medios de comunicación Material promocional Enlaces internet	DXPF UAFSE	

DXPF – Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.
UAFSE – Unidad Administradora del Fondo Social Europeo. Ministerio de Trabajo e Inmigración.

Táboa 8. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	MEDIOS E FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN	ORGANISMO RESPONSABLE	DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS
Obxectivo intermedio 4.- MELLORAR O COÑECEMENTO DOS LOGROS CONSEGUIDOS EN GALICIA GRAZAS AO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE) COMO CONSECUENCIA DO IMPACTO DA MELLORA DA ADAPTABILIDADE, EMPREGABILIDADE E DO CAPITAL HUMANO.			
22. - Difusión dos informes anuais de execución.	Páxina web da Consellería de Facenda	DXPF UAFSE	Público en xeral
23. - Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e dos seus resultados.	Notas/roldas de prensa	DXPF UAFSE	
24.- Difusión da celebración dos Comités Anuais de Seguimento da programación.	Notas/roldas de prensa	DXPF UAFSE	
25. - Difusión dos resultados dos informes de avaliación.	Publicación dos Informes de avaliación na páxina web Difusión dos resumos executivos	DXPF UAFSE	
26. - Realización de accións de difusión de avances e resultados do PO.	Publicación de artigos en prensa e revistas especializadas / web	DXPF UAFSE	
27.- Edición e distribución de material divulgativo sobre os logros alcanzados coa programación.	Publicación divulgativa / web	DXPF UAFSE	

DXPF – Dirección Xeral de Planificación e Fondos. Consellería de Facenda. Xunta de Galicia.
UAFSE – Unidad Administradora del Fondo Social Europeo. Ministerio de Trabajo e Inmigración.

3.3.1. Contido das medidas de información e publicidade destinadas aos beneficiarios e beneficiarios potenciais

Informar a gran escala aos beneficiarios e beneficiarios potenciais sobre as posibilidades que o PO FSE lles ofrece é unha condición que se xustifica á marxe das disposicións regulamentarias.

O anterior obedece ao feito de que a consecución dos obxectivos do plan precisa algo máis que un mero labor de comunicación. É dicir, trátase, tamén, de espertar o desexo de participar, facer comprensibles os procedementos, fomentar a presentación de proxectos de calidade e aproveitar ao máximo o cofinanciamento do FSE.

Para iso, se desenvolverán diversas medidas tendentes a informar da existencia do programa e das posibilidades que ofrece; tamén das prioridades que se perseguen e das condicións e esixencias que deben cumprirse. Tales medidas concrétanse nas seguintes:

- ***Difusión dos Procedementos de xestión e control da programación (Medida nº 9).*** Co fin de facilitar e garantir a mellor e máis eficaz xestión posible por parte dos órganos administrativos participantes na xestión do programa, e de forma especialmente particular no que se refire a información e publicidade, prestarase especial atención á máis ampla difusión posible dos manuais, guías e demais ferramentas de xestión que se elaboren. Para iso editaranse os documentos pertinentes, preferentemente en formato electrónico e facilitarase o acceso aos mesmos con especial atención a garantir o acceso á última versión actualizada.
  Con independencia do anterior, do mesmo xeito que no período 2000-2006, e dado que quedou demostrada a súa utilidade e eficacia, a Dirección Xeral de Planificación e Fondos elaborará e distribuirá entre os órganos executores e xestores unha guía práctica de información e publicidade, que recolla os requisitos e criterios que deben cumprirse nesta materia.

- ***Difusión da información das condicións de acceso ao financiamento (Medida nº 10).*** Co fin de dar a coñecer as esixencias e condicións de acceso ao financiamento da programación que se darán a coñecer, combinando o rigor coa claridade e facilidade de comprensión, todas as condicións de acceso ao financiamento, en particular as condicións de elixibilidade así como os criterios de selección das operacións.

- ***Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación (Medida nº 11).*** A autoridade de xestión do programa publicará, en versión electrónica e na súa páxina web institucional, un listado cos nomes dos

beneficiarios, a identificación das operacións e os fondos públicos asignados a cada operación conforme ao que establece o artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006. Disporase dun acceso directo á citada lista desde a páxina web da Consellería de Facenda.

- ***Organización de actividades de formación dirixidas a xestores da programación (Medida nº 12).*** Dirixidas preferentemente ao persoal dos organismos intermedios e xestores sobre aspectos de interese para a xestión das operacións, incidindo de forma particular no ámbito da comunicación: normativa aplicable, sistemas informáticos de seguimento, sistemas de control e verificación previa, seguimento das medidas a desenvolver, etc. Tales programas, aínda que serán máis intensivos nas primeiras fases de execución, poderanse estender durante todo o período de aplicación do programa.

- ***Información aos beneficiarios das responsabilidades e tarefas ás que lles obriga a axuda comunitaria e posta á súa disposición das ferramentas que faciliten o seu labor (Medida nº 13).*** No proceso de seguimento do cumprimento por parte dos organismos xestores das disposicións de información e publicidade especialmente vixiarase que nas convocatorias de actuacións que se teña previsto cofinanciar inclúanse os parágrafos seguintes (ou outros de similar contido): que indiquen que "este proxecto poderá ser cofinanciado (se é anterior á aprobación do proxecto correspondente) ou vai ser cofinanciado (se xa se tomou a decisión de incluílo no programa operativo) polo FSE". Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión.

  Con posterioridade, unha vez que se procedera á identificación dos beneficiarios, transmitirase aos organismos responsables da execución dos proxectos a información que nas resolucións ou adxudicacións de actuacións que vaian ser cofinanciadas se incluirán os parágrafos seguintes (ou outros de similar contido) dicindo que "este proxecto cofinánciase polo Fondo Social Europeo (FSE)". Esta resolución/adxudicación supón a súa aceptación a ser incluído na lista pública que se recolle no artigo 7.2 d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 da Comisión de 8 decembro de 2006.

- ***Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión (Medida nº 14).*** Tanto a autoridade de xestión como a D.X. de Planificación e Fondos prestarán apoio continuo a todos os órganos intermedios e xestores vinculados ao desenvolvemento do programa. Con independencia dos medios convencionais de comunicación, farase uso intensivo das novas tecnoloxías da información e da comunicación promovendo o seu uso e aplicación a todos os efectos e ámbitos.

- ***Difusión do plan de comunicación do programa entre coordinadores e xestores do mesmo (Medida nº 15).*** Na fase de inicio da programación a D.X. de Planificación e Fondos celebrará un acto en Galicia co obxecto de presentar formal e institucionalmente o programa aos axentes rexionais.

- ***Edición de material divulgativo sobre o programa operativo e os seus principais obxectivos, prioridades, organización e características (Medida nº 16).*** Con independencia da publicación do programa operativo, a complexidade do seu contido e estrutura, fai imprescindible a elaboración de material divulgativo (folletos, trípticos ou outros) que aseguren a correcta comunicación dos obxectivos e prioridades así como a comprensión das condicións de aplicación e esixencias para a participación no financiamento.

- ***Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO (Medida nº 17).*** A D.X. de Planificación e Fondos, ao comezo da programación e unha vez aprobado o programa operativo, levará a cabo unha campaña publicitaria, de alcance rexional e local, co fin de dar a coñecer os principais obxectivos e prioridades que se perseguen así como as posibilidades que ofrece para o desenvolvemento de Galicia.

- ***Presentación e difusión do programa entre os axentes económicos e sociais de Galicia (Medida nº 18).*** Na primeira fase da programación co fin de dar a coñecer o contido do programa operativo presentarase ante os axentes sociais e económicos de Galicia.

- ***Facilitar o acceso a toda a información actualizada, documentación e normativa relacionada coa programación (Medida nº 19).*** A páxina web da Consellería de Facenda incluirá os textos completos correspondentes ao programa operativo, informes anuais de execución, informes de avaliación e regulamentos específicos de aplicación. Así mesmo disporase da información complementaria de utilidade que se considere pertinente e útil así como de todas as actualizacións de calquera dos documentos relevantes da programación, xunto coa xestión de enlaces e accesos directos a outras páxinas de interese.

- ***Difusión dos criterios de selección das operacións entre os beneficiarios potenciais (Medida nº 20).*** Dado que se pretende elevar en todo o posible o nivel de competencia entre beneficiarios, executores e destinatarios das operacións obxecto de cofinanciamento, faise necesario establecer e difundir coa maior claridade e eficacia posible, e en aras da transparencia, os criterios de selección

aplicables a esta última. Tales criterios deberán aparecer con claridade nas convocatorias e, na medida do posible, nos materiais promocionais e divulgativos.

- ***Difusión de convocatorias de axudas e de contratación e da interpretación da documentación técnica relativa a convocatorias de axudas e contratacións (Medida nº 21).*** A maximización da participación e concorrencia en relación coa solicitude de axudas e presentación de propostas, pola vía da competencia, resulta esencial para optimizar a calidade da execución e optimizar a eficiencia do uso dos recursos dispoñibles. É por iso que debe lograrse a maior difusión posible para as convocatorias públicas facilitando o acceso aos medios de publicación oficial incidindo para iso nos medios de comunicación xeral así como en internet (enlaces, accesos, etc.). Tamén se fai necesario facilitar a interpretación e correcta comprensión das condicións de aplicación que eviten a eliminación de propostas e proxectos por causas formais non subsanables (prazos ou outras condicións).

3.3.2. Contido das medidas de información e publicidade destinadas ao público en xeral

Ao obxecto de maximizar o impacto do plan, as medidas de información e publicidade a desenvolver, non só deben destinarse aos beneficiarios e beneficiarios potenciais do programa, senón tamén a todo o conxunto da sociedade.

O anterior esixe instrumentar medidas que aseguren a visibilidade e a comprensión por parte dos cidadáns do por que a UE destina un importante volume de fondos ao desenvolvemento rexional e relacionar este feito co programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013. Polo tanto, as medidas a desenvolver deben poñer a énfase en dous ámbitos específicos:

- **Destacar a solidariedade europea** no cofinanciamento dos investimentos a favor do desenvolvemento rexional e da cohesión económica e social
- **Valorizar a importancia que ten o PO FSE** para a mellora da calidade de vida da poboación, e en particular da poboación galega

As medidas a desenvolver orientadas á ***difusión do esforzo financeiro compartido da UE e a Xunta de Galicia e dos logros que se derivan***, son as que se detallan a continuación:

- ***Creación e mantemento dun sitio internet específico relativo á aplicación dos Fondos Estruturais en Galicia durante o período 2007-2013 (Medida nº 1).*** Na páxina web da Consellería de Facenda crearase un sitio especificamente destinado á aplicación dos Fondos Estruturais 2007-2013 en Galicia. No mesmo poranse ao acceso público todos os documentos en formato electrónico relativos á programación do FSE para o período 2007-2013 (sobre todo o texto do PO, o texto do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013, a normativa nacional e comunitaria aplicable, os informes anuais, os informes da avaliación do PO así como o informe final da execución do PO). Os contidos da páxina web relacionados co PO FSE, serán alimentados de forma periódica ao longo do período de programación co obxecto de que todas as partes interesadas poidan contar en todo momento coa información actualizada.

- ***Acto de presentación institucional do programa operativo, tras a súa aprobación (Medida nº 2).*** Neste sentido, a autoridade de xestión xa levou a cabo, o 27 de novembro de 2007, tras a aprobación do PO pola Comisión, un acto de presentación da programación española, na que a Xunta de Galicia participou, presentando as grandes liñas do seu programa.

- ***Deseño e difusión do lema: "O FSE inviste no teu futuro" (Medida nº 3).*** O lema "O FSE inviste no teu futuro" acompañará todas as actuacións cofinanciadas en Galicia para o período de programación 2007-2013.

- ***Participación en foros, eventos e actos relacionados coa política rexional da UE nos ámbitos rexional, nacional, comunitario e internacional (Medida nº 4).*** A D.X. de Planificación e Fondos participará de forma activa, sempre que sexa posible e pertinente, na celebración dos calquera actos dirixidos a explicar e promocionar as políticas de cohesión comunitarias.

- ***Acto de izamento da bandeira da UE (Medida nº 5).*** Fronte ás dependencias da autoridade de xestión e do organismo intermedio, durante unha semana e a partir do 9 de maio de cada ano na conmemoración do día de Europa, procederase ao acto de izamento da bandeira da UE tal e como establece o artigo 7.c) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

- ***Difusión do texto do programa operativo (Medida nº 6).*** Co propósito de que o contido do programa teña a máis ampla difusión posible e resulte accesible a todos os interesados, publicarase en formato papel, CD e en formato electrónico. Os materiais editados serán difundidos entre os axentes económicos e sociais rexionais, o órgano intermedio e xestores e entre todas aquelas organizacións con capacidade potencial tanto para participar na difusión do programa como no seu desenvolvemento.

- ***Visualización da acción comunitaria na xestión documental (Medida nº 7).*** Farase mención expresa ao programa operativo FSE, incluíndo o emblema comunitario, en todos os materiais, ferramentas e instrumentos de comunicación e difusión utilizados polas autoridades de xestión, organismos intermedios e xestores.

- ***Difusión do papel da UE en relación co progreso rexional (Medida nº 8).*** Mediante edición e distribución de carteis, trípticos e folletos explicativos que se situarán nos centros administrativos directamente relacionados coa coordinación e xestión do programa. O devandito material será utilizado e distribuído tamén nos actos de promoción e información que leven a cabo.
  Cando sexa pertinente, e en presenza de representantes de calquera administración nos medios de comunicación, farase referencia á importancia do cofinanciamento da UE cos Fondos Estruturais e en complementariedade co esforzo investidor nacional e rexional.

- ***Difusión dos informes anuais de execución (Medida nº 22).*** Facilitarase o acceso a estes informes que recollen con todo detalle o desenvolvemento da execución financeira e física con periodicidade anual. Publicaranse, en formato electrónico, na páxina web da Consellería de Facenda.

- ***Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e os seus resultados (Medida nº 23).*** Por parte da autoridade de xestión levarase a cabo unha actividade anual conxunta para todos os PO, con participación da Comisión, representantes das mesmas e dos responsables rexionais, na que se promocionarán os avances rexistrados nos PO, e se darán a coñecer aspectos relevantes de boas prácticas en cada período.

- ***Difusión da celebración dos comités anuais de seguimento da programación (Medida nº 24).*** Mediante as accións que se consideren oportunas (notas ou roldas de prensa ou outros medios) darase a coñecer a celebración destes comités.

- ***Difusión dos resultados dos informes de avaliación (Medida nº 25).*** Co fin de lograr a máis ampla difusión posible dos resultados obtidos cos procesos de avaliación previstos no Regulamento (CE) Nº 1828/2006 (artigo 4.2) procederase á publicación electrónica do documento completo. Incidirase dunha forma especial na difusión das posibles boas prácticas identificadas así como das lecciónns aprendidas que, nos diferentes ámbitos, contribúan á mellora do desenvolvemento da programación.

- ***Realización de accións de difusión de avances e resultados do PO (Medida nº 26).*** A Dirección Xeral de Planificación e Fondos, dando continuidade ás accións de carácter periódico e máis significativo, dará publicidade aos logros e beneficios derivados do desenvolvemento do programa.

- ***Edición e distribución de material divulgativo sobre os logros alcanzados coa programación (Medida nº 27).*** Dada a importancia de trasladar á sociedade os logros e os beneficios que se derivan do programa así como a necesidade de facilitar e asegurar a comprensión dos mesmos, considérase imprescindible a elaboración de material divulgativo adecuado (folletos, carteis, audiovisuais e/ou outros) dirixido ao público máis amplo posible. O devandito material será distribuído a través das sedes dos órganos xestores, do organismo intermedio e da autoridade de xestión así como nos diferentes actos vinculados á programación. Co fin de dar a maior difusión posible aos resultados finais obtidos co programa, ao termo do período de execución, editarase unha publicación de carácter divulgativo sobre o desenvolvemento do programa, a súa realización e os logros alcanzados.

3.3.3. Medidas a desenvolver por parte dos beneficiarios

Os beneficiarios desempeñan un papel fundamental para o logro dos obxectivos do plan, ao ser as entidades máis próximas á execución material dos proxectos.

Nas medidas a desenvolver cada un dos beneficiarios, entendidos como os organismos responsables da execución das operacións deberá cumprir con todas as obrigas recollidas no artigo 8.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 e nas súas actividades, sempre informar ao público da axuda obtida a través das medidas previstas. Tamén se asegurarán de que todas as partes implicadas na implementación dun proxecto estean informadas do financiamento, constando claramente nos documentos relativos ao mesmo (follas de asistencia, diplomas, carteis nas aulas, etc.).

Os beneficiarios colaborarán, en todo caso, co organismo intermedio, proporcionando a información relativa ao cumprimento destes requisitos, someténdose á súa verificación previa á certificación de gastos e comunicando calquera incidencia relativa á difusión, divulgación ou publicidade das medidas que desenvolvan para aproveitar as sinerxías das medidas a desenvolver de publicidade. Igualmente, facilitarán os traballos do comité de seguimento do PO, achegando a información que se lles solicite e aclarando cantas cuestións puidesen suscitarse con relación ás actividades de información e publicidade que puxeran en práctica.

Unha vez que os promotores dos proxectos convértense en beneficiarios da axuda comunitaria, pasan a ser un elemento clave de xeración de información moi valiosa e poden proporcionar a "proba tanxible" de que a política rexional comunitaria, en xeral, e o PO FSE de Galicia, en particular, non soamente existen, senón que dan resultados.

3.4. Ferramentas de comunicación do plan

A estratexia de comunicación formulada determinou os principais obxectivos que se pretenden alcanzar. Á súa vez, as medidas a desenvolver de difusión e publicidade deseñadas dispoñen o contido da información a transmitir, de forma coherente coa devandita estratexia.

Un aspecto moi importante que debe considerarse é "dar a mellor forma posible á información". Para iso, a selección duns **instrumentos de comunicación** óptimos é esencial, xa que son un elemento máis do que depende a **eficacia comunicativa** do plan.

Neste sentido, apreciouse a conveniencia de incluír unha gran variedade de ferramentas de cara a empregar a que mellor se axusta en función da natureza da mensaxe que se quere dar ou das características dos destinatarios aos que vai dirixido.

O anterior facilitará unha comunicación clara e aumentará as posibilidades de que o contido das mensaxes sexa comprendido e retido, aumentando o impacto das accións.

En concreto, esta diversidade de ferramentas, que contempla o plan, pode clasificarse en dous grandes ámbitos ou liñas de actuación:

- As relativas á publicidade e promoción de proxectos, mediante a edición de material informativo, a inclusión da referencia comunitaria en toda a documentación administrativa ou a realización de anuncios e suplementos nos medios de comunicación rexionais e locais.
- As correspondentes á información e comunicación, a través do acceso a páxinas web, a aparición nos medios de comunicación, a organización de xornadas ou a elaboración de informes anuais e de diversos materiais para conferencias.

Esta tipoloxía de ferramentas de comunicación permite despregar extensas canles de información e publicidade, non só para o PO do FSE de Galicia, senón tamén para toda a política rexional comunitaria da UE. De feito, con elas garántese a visibilidade do FSE a escala, tanto da intervención en particular, como da UE en xeral:

- Da intervención, porque os instrumentos que van servir de soporte chaman a atención sobre a realización e a finalidade dos proxectos.
- Da UE, porque destacan a contribución comunitaria e a idea de acción conxunta.

Esquema 4. Tipoloxía de ferramentas dispoñibles para a información, difusión e publicidade do PO do FSE de Galicia 2007-2013



Iso débese a que os instrumentos que sosteñen a execución das medidas a desenvolver que integran o plan de comunicación deseñáronse tendo en conta os obxectivos que se pretenden e os destinatarios aos que van dirixidas. Así, as vías de comunicación, que o presente plan abre, resultan dunha adecuada amplitude, grazas a que combina diversos instrumentos, cada un deles adecuado, tanto á mensaxe que procura transmitir, coma ao colectivo de destinatarios ao que se dirixe.

Todas as medidas de información e publicidade dirixidas a todos os grupos a través das ferramentas de comunicación incluirán obrigatoriamente os seguintes elementos:

- O **emblema** da **Unión Europea**, de conformidade coas normas gráficas establecidas no anexo I do Regulamento (CE) Nº 1828/2006, así como a **referencia** á **Unión Europea**
- A **referencia** ao **Fondo Social Europeo**
- Unha declaración elixida pola autoridade de xestión e a Xunta de Galicia, na que se destaque o valor engadido da intervención da comunidade: **"O FSE inviste no teu futuro"**

As ferramentas da información e publicidade preséntanse no seguinte esquema e explícanse, con maior detalle, na táboa posterior:

Esquema 5. Os instrumentos da información e publicidade do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013



Táboa 9. Características básicas dos instrumentos de información do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

❶ **Carteis**: Os órganos executores velarán porque nas entidades que poñan en marcha as medidas a desenvolver e se beneficien da axuda do FSE (oficinas de emprego, centros de formación, etc.) sexan instalados carteis nos que se mencione a participación da Unión Europea e a lenda do FSE, "O FSE inviste no teu futuro" co fin de informar aos beneficiarios e ao gran público sobre o papel desenvolvido pola UE. A súa ubicación procurarase que sexa claramente visible por todos os destinatarios.

❷ **Material de información e comunicación**: Esta ferramenta é o soporte de calquera tipo de publicación ou outra medida informativa análoga (dípticos, trípticos, folletos, notas informativas...). O devandito material levará na portada unha indicación visible da participación da Unión Europea e do FSE, así como os emblemas rexional e europeo. As publicacións acompañarán as referencias do organismo responsable da información.

❸ **Material promocional**: Ademais do material didáctico ou de calquera outro necesario para a realización dos proxectos cofinanciados, nos que deberá salientarse a participación da UE, tamén se proporcionará, no seu caso, material promocional ou de propaganda: adhesivos, material de papelería, etc.

❹ **Novas tecnoloxías da información**: Nas páxinas web relativas a medidas a desenvolver cofinanciadas polo programa, terase en conta:

- ⇨ Mencionar a participación da Unión Europea e do FSE, polo menos na páxina de presentación.
- ⇨ Crear un vínculo ás páxinas web da Comisión relativas aos FFEE, á web da UAFSE e a aquelas outras que resulten de interese.

Así mesmo, farase uso de publicacións electrónicas e de calquera tipo de material audiovisual (CD e DVD).

❺ **Actividades Informativas**: A organización de conferencias, seminarios, xornadas, etc., relacionadas co PO, debe facer constar a participación comunitaria nelas, mediante a presenza da bandeira europea na sala da reunión e do emblema comunitario nos documentos correspondentes.

❻ **Publicacións**: Publicaranse os principais documentos de referencia sobre o propio PO, a normativa comunitaria, as normas de xestión e procedementos, as avaliacións levadas a cabo, os informes de execución, etc.

❼ **Medios de comunicación**: Farase participar aos medios de comunicación (televisión, prensa e radio) para incrementar a visibilidade da actividade da Unión Europea e, polo tanto, a súa notoriedade ante os cidadáns. A participación de representantes da Xunta neles, ou a emisión de comunicados de prensa con relación a proxectos cofinanciados polo PO, terán unha referencia explícita ao importante papel do FSE.

3.5. Orzamento indicativo do plan

O orzamento indicativo do plan de comunicación procede do Eixe de asistencia técnica do programa operativo FSE, cuxa descrición contempla a realización de actividades de información e publicidade.

A estimación do devandito orzamento tivo en conta o establecido polo artigo 4.3 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006, de forma que os medios asignados para a aplicación, seguimento e avaliación do presente plan de comunicación resultan proporcionais ás medidas a desenvolver de información e publicidade deseñadas.

En concreto, estímase que o gasto correspondente ás accións do plan financiadas **con cargo á asistencia técnica** do PO do FSE de Galicia alcance os **448.127 euros** para o período 2007-2013.

A devandita cantidade supón o 5% da asignación financeira prevista para asistencia técnica do PO do FSE de Galicia.

Cabe citar, non obstante, que, ademais das accións de información e publicidade incluídas no Eixe de asistencia técnica, os órganos xestores e executores das intervencións levarán a cabo outras actuacións de comunicación no marco dos seus proxectos específicos, cuxo financiamento irá con cargo ao eixe do programa no que os devanditos proxectos se enmarquen.

"O presuposto indicativo que se presenta adecúase totalmente aos obxectivos e os medios propostos no plan, así como aos resultados esperados da súa posta en práctica. Así mesmo, a hora de elaborar o presuposto das accións de información e publicidade neste plan de comunicación, existe unha coherencia global entre o presuposto total do mesmo e a dotación de asistencia técnica asociada ao programa operativo (ou os), posto que esta previuse incluíndo o montante destinado á comunicación xunto a outras actuacións ligadas coa avaliación e mesmo co propio seguimento do programa operativo e, no seu caso, con gastos das propias administracións e/ou con outros gastos noutros eixes"

Táboa 10. O orzamento orientativo do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013 e o seu peso relativo

[A] Custo total do PO do FSE de Galicia	448.127.266 €
[B] Custo total asistencia técnica PO FSE	8.962.545 €
[C] Custo aproximado das accións previstas de comunicación con cargo á asistencia técnica	448.127 €
[D]=[C]/ [B] *Porcentaxe s/a asistencia técnica do PO*	*5,0%*

3.6. Calendario indicativo das medidas a desenvolver

O calendario de execución das accións contidas no plan contempla as principais etapas de desenvolvemento das actividades cofinanciadas, desde a fase de programación ata a finalización dos proxectos:

- **Etapa de inicio**: Comprende os dous primeiros anos da programación e o seu obxectivo é a difusión do contido e oportunidades do programa operativo.
- **Etapa de execución**: Comprende os anos intermedios da programación (2009-2013) e o seu obxectivo é a difusión da execución, seguimento e reaxuste da intervención.
- **Etapa de peche dos POs**: Comprende os dous últimos anos (2013-2015) da programación e o seu obxectivo é a difusión do impacto final dos Fondos e dos logros conseguidos grazas aos investimentos realizados a través do programa.

Táboa 11. Calendario indicativo do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	ETAPA		
	Inicio	Execución	Peche
Obxectivo intermedio 1.- CONSOLIDAR A IMAXE DA UE E DO SEU LABOR A FAVOR DO DESENVOLVEMENTO REXIONAL EN GALICIA, PRESENTANDO A TODOS OS INTERESADOS O PO FSE E AS PRIORIDADES QUE PERSEGUE.			
1.- Creación e mantemento dun sitio internet específico relativo á aplicación dos Fondos Estruturais en Galicia durante o período 2007-2013.			
2.- Acto de presentación institucional do programa operativo, tras a súa aprobación.			
3.- Deseño e difusión do lema: "O FSE inviste no teu futuro".			
4.- Participación en foros, eventos e actos relacionados coa política rexional da UE nos ámbitos rexional, nacional, comunitario e internacional.			
5.- Acto de izamento da bandeira da UE.			
6.- Difusión do texto do programa operativo.			
7.- Visualización da acción comunitaria na xestión documental.			

Táboa 11. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	ETAPA		
	Inicio	Execución	Peche
Obxectivo intermedio 2.- INFORMAR SOBRE A FORMA EN QUE SE UTILIZAN OS RECURSOS DO FSE NA REXIÓN, PROMOVENDO ASÍ A ACTIVIDADE RESPONSABLE REALIZADA POLA UE EN GALICIA.			
8.- Difusión do papel da UE en relación co progreso rexional.		■	
9.- Difusión dos procedementos de xestión e control da programación.		■	
10.- Difusión da información das condicións de acceso ao financiamento.	■	■	
11.- Publicación da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados a cada operación.	■		
12.- Organización de actividades de formación dirixidas a xestores da programación.	■	■	
13.- Información aos beneficiarios das responsabilidades e tarefas ás que lles obriga a axuda comunitaria e posta á súa disposición das ferramentas que faciliten o seu labor.	■		
14.- Apoio e asesoramento continuo a xestores e beneficiarios nas súas tarefas de xestión.	■	■	■
15.- Difusión do plan de comunicación do programa entre coordinadores e xestores do mesmo.	■		

Táboa 11. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	ETAPA		
	Inicio	Execución	Peche
Obxectivo intermedio 3.- IMPULSAR A PARTICIPACIÓN DOS BENEFICIARIOS E DESTINATARIOS NO DESENVOLVEMENTO E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DO PROGRAMA.			
16.- Edición de material divulgativo sobre o programa operativo e os seus principais obxectivos, prioridades, organización e características.			
17.- Realización dunha campaña publicitaria de lanzamento do PO.			
18.- Presentación e difusión do programa entre os axentes económicos e sociais de Galicia.			
19.- Facilitar o acceso a toda a información actualizada, documentación e normativa relacionada coa programación.			
20.- Difusión dos criterios de selección das operacións entre os beneficiarios potenciais.			
21.- Difusión de convocatorias de axudas e de contratación e da interpretación da documentación técnica relativa a convocatorias de axuda e contratacións.			

Táboa 11. Articulación do plan de comunicación do PO do FSE de Galicia 2007-2013

TIPOLOXÍA DE MEDIDAS A DESENVOLVER DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	ETAPA		
	Inicio	Execución	Peche
Obxectivo intermedio 4.- MELLORAR O COÑECEMENTO DOS LOGROS CONSEGUIDOS EN GALICIA GRAZAS AO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE) COMO CONSECUENCIA DO IMPACTO DA MELLORA DA ADAPTABILIDADE, EMPREGABILIDADE E DO CAPITAL HUMANO.			
22.- Difusión dos informes anuais de execución.			
23.- Celebración dun acto anual de presentación dos avances na execución do PO e os seus resultados.			
24.- Difusión da celebración dos comités anuais de seguimento da programación.			
25.- Difusión dos resultados dos informes de avaliación.			
26.- Realización de accións de difusión de avances e resultados do PO.			
27.- Edición e distribución de material divulgativo sobre os logros alcanzados coa programación.			

3.7. Organismos responsables en materia de información e publicidade

Son responsables da aplicación do plan e do cumprimento da normativa comunitaria en materia de información e publicidade, cada un nas intervencións do ámbito das súas competencias:

- A autoridade de xestión do FSE, representada pola **Unidad Administradora del Fondo Social Europeo,** da DG de la Economía Social, el Trabajo Autónomo y el FSE, del Ministerio de Trabajo e Inmigración.
- O organismo intermedio rexional do PO do FSE, representado pola **Dirección Xeral de Planificación e Fondos** da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Calquera outro organismo ou entidade que, no ámbito da comunidade autónoma, interveña de forma directa na coordinación ou no desenvolvemento da programación.
- **Os beneficiarios.**

Na liña de **creación de redes e intercambio de boas prácticas**, impulsado pola autoridade de xestión, constituíuse un Grupo Español de Responsables en materia de Información e Publicidade (GERIP), integrado polas persoas responsables nesta materia, representantes das autoridades de xestión do FSE e do FEDER e das comunidades autónomas. Este grupo incidirá non só na organización e posta en marcha dos distintos plans de comunicación, senón tamén en todas as actividades de seguimento e avaliación dos mesmos. A constitución deste grupo de responsables en materia de comunicación é o primeiro paso dado polas autoridades de xestión na liña de especial sensibilización das mesmas no establecemento de redes comunitarias que permitan garantir o intercambio de boas prácticas e o intercambio de experiencias en materia de información e publicidade.

No que respecta á coordinación das accións deste plan de comunicación asumirana, en estreita colaboración coas **persoas responsables da información e publicidade**: a responsable en materia de información e publicidade da autoridade de xestión, Dª Laura Miñambres, o representante elixido polo Organismo Intermedio do programa operativo do FSE de Galicia, para formar parte do grupo constituído ao efecto coas representantes das autoridades de xestión e os dos organismos intermedios das distintas administracións rexionais, polo que estas serán as persoas de contacto responsables do plan:

Dª Laura Miñambres Pardiñas
Jefa de Servicio de Información y Publicidad
Unidad Administradora del Fondo Social Europeo
DG Ec. Social, T.A. y FSE
Secretaría General de Empleo
Teléfono: 34 91 363 1932
Email: lminambresp@mtin.es

A persoa de contacto institucional por parte da Xunta de Galicia será:

Mª Dolores Linares Cuerpo
Subdirectora Xeral de Planificación
Dirección Xeral de Planificación e Fondos
Consellería de Facenda
Xunta de Galicia
Teléfono: 981.54.51.50
Email: dlinares@conselleriadefacenda.es

4. O SISTEMA DE SEGUIMENTO DAS MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

O sistema de seguimento das medidas a desenvolver do plan de comunicación estará orientado a cumprir co establecido ao respecto no art. 4 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006, polo que o seu **principal obxectivo** será garantir que se dispón en todo momento da información necesaria para atender os requirimentos da normativa comunitaria.

Neste sentido, o citado Regulamento estipula a obrigatoriedade de achegar información periódica sobre a aplicación do plan de comunicación nas reunións dos comités de seguimento e nos informes anuais e final de execución dos programas.

- **Comunicación de información aos comités de seguimento.**

  O Comité de Seguimento do Programa Operativo do FSE de Galicia 2007-2013 recibirá información anual da autoridade de xestión sobre:

  - o plan de comunicación e os avances na súa aplicación;
  - as medidas a desenvolver do plan levadas a cabo;
  - os medios de comunicación utilizados;
  - o grao de execución física e financeira do plan (indicadores de seguimento);
  - o contido de calquera modificación importante do plan.

- **Inclusión de información nos informes anuais e final de execución do programa operativo.**

  Os informes anuais e o informe final de execución dun programa operativo aos que se refire o artigo 67 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 conterán un capítulo destinado a presentar os avances na aplicación do plan de comunicación, ofrecendo información cualitativa e cuantitativa sobre:

  - algúns exemplos das medidas de información e publicidade do programa operativo levadas a cabo no marco da aplicación do plan de comunicación;
  - os medios de comunicación utilizados;
  - as disposicións relativas á publicación, electrónica ou por outros medios, da lista de beneficiarios, operacións e fondos públicos asignados[1];

[1] A publicación, electrónica ou por outros medios, da lista dos beneficiarios, os nomes das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada ás operacións constitúe un deber da autoridade de xestión, recollido no art.7.2.d) do Regulamento (CE) Nº 1828/2006 e plasmarase na publicación polo menos nas páxinas web das autoridades de xestión.

- o grao de execución física e financeira das medidas a desenvolver do plan (indicadores de seguimento);
- e o contido de calquera modificación importante do plan de comunicación.

5. O SISTEMA DE AVALIACIÓN DAS MEDIDAS DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

As avaliacións do plan de comunicación terán por **obxecto** valorar o grao de consecución dos obxectivos estratéxicos do mesmo, isto é, medir a eficacia das medidas a desenvolver de comunicación emprendidas.

Está previsto realizar **dous exercicios de avaliación** ao longo do período, nos anos 2010 e 2013, que permitan comprobar se a aplicación do plan logrou aumentar a visibilidade dos Fondos Estruturais, dos programas operativos e do papel desempeñado pola Unión Europea. Ambas as dúas avaliacións realizaranse no marco das avaliacións xerais dos programas, presentándose como anexos ás mesmas, cando se levara a cabo unha avaliación xeral nos devanditos anos ou como unha avaliación específica seguindo a metodoloxía de avaliación que se estableza na guía metodolóxica que a autoridade de xestión elaborará a estes efectos, xunto coa relativa á avaliación xeral e que será obxecto de consenso no marco do grupo de responsables de comunicación constituído ao efecto.

Os resultados de estas avaliacións presentaranse nos seguintes informes relativos ao programa:

- **Informes de avaliación do programa operativo**.
  Os informes de avaliación do programa operativo do FSE incluirán, como anexo, o último informe de avaliación do plan de comunicación.

- **Informes de execución anual do programa operativo.**
  Os informes de execución anual correspondentes aos anos en que se avalíe o plan de comunicación (2010 e 2013) conterán un capítulo que recolla os principais resultados da avaliación do plan de comunicación, tal e como establece o art. 4.2 do Regulamento (CE) Nº 1828/2006.

6. ANEXO DE INDICADORES

INDICADORES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN
PLAN DE COMUNICACIÓN DE GALICIA (FSE)

TIPO DE ACTIVIDADES	INDICADORES DE REALIZACIÓN		INDICACORES DE RESULTADOS	
1.- ACTIVIDADES E ACTOS PÚBLICOS	(Nº) EVENTOS REALIZADOS	105	(Nº) ASISTENTES	6.625
2.- DIFUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN	(Nº) ACTOS DIFUSIÓN	664		
3.- PUBLICACIÓNS REALIZADAS	(Nº) PUBLICACIÓNS EXTERNAS	129	(%) PUBLICACIÓNS DISTRIBUIDAS/EDITADAS	95
			(Nº) PUNTOS DE DISTRIBUCIÓN	59
4.- INFORMACIÓN A TRAVÉS PÁX. WEB	(Nº) PÁXINAS WEB	2	(Nº) PROMEDIO ANUAL VISITAS	76.000
5.- INFORMACIÓN A TRAVÉS DE CALQUERA TIPO DE CARTELEIRA	(Nº) SOPORTES PUBLICITARIOS	175		
6.- INSTRUCCIÓNS EMITIDAS CARA AOS PARTICIPANTES NOS PROGRAMAS OPERATIVOS	(Nº) DOCUMENTACIÓN INTERNA DISTRIBUIDA	33	(%) ORGANISMOS CUBERTOS	100
7.- REDES DE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	(Nº) REDES	1	(Nº) REUNIÓNS	19
			(Nº) ASISTENTES	26

NOTA METODOLÓXICA SOBRE OS INDICADORES DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1. Actividades e actos públicos

Recóllense o número de actos de lanzamento do/os programas operativos para os que se elabora o plan de comunicación, os actos informativos importantes anuais, actos en torno do día de Europa e calquera outro evento contemplado para desenvolver as medidas do plan ou transmitir información acerca da política comunitaria en España.

2. Difusión en medios de comunicación

Neste epígrafe recóllense distintos tipos de accións de difusión realizadas nos medios (anuncio en TV, anuncios en prensa, cuñas en radio, "banner" en internet, notas de prensa en teletipos, ...) utilizados de forma individual ou formando parte dunha campaña publicitaria con motivo de dar a coñecer o programa operativo ou algunha das súas actuacións concretas, ou a política rexional europea, entre a cidadanía.

3. Publicacións realizadas

Recóllense calquera tipo de publicacións editadas (en soporte papel ou electrónico: libros, folletos, revistas, CD, DVD, videos...) dirixidos á cidadanía coa finalidade de dar a coñecer o programa operativo ou algunha das súas actuacións concretas. Así como aquelas relacionadas coa política rexional europea.

4. Información a través de páxinas web

Contabiliza as principais web utilizadas para a transmisión de información sobre o PO ou algunhas actuacións en concreto, así como a relacionada coa política rexional europea. No caso dos programas rexionais contabilízanse só as relativas á/ás autoridades de xestión e a/ás dos organismos intermedios rexionais responsables da xestión dos Fondos nas distintas administracións rexionais

5. Información a través de calquera tipo de carteleira

Recóllense os distintos soportes (pósteres, carteis, placas, expositores, stands e/ou valla) utilizados con fins publicitarios, coa finalidade de dar a coñecer o programa operativo ou algunha das súas actuacións concretas entre a cidadanía.

6. Instrucións emitidas cara aos participantes dos programas operativos

Inclúese toda a documentación distribuída dende as autoridades de xestión e/ou os organismos intermedios aos organismos xestores dos programas operativos e/ou potenciais beneficiarios/ beneficiarios dos Fondos Europeos aplicados a través dos distintos programas operativos, (guías metodolóxicas, instrucións, informes....).

Trátase de garantir a transparencia das actuacións para conseguir a maior excelencia nas actuacións a cofinanciar a través dos fondos europeos e facilitar o cumprimento da normativa comunitaria.

7. Redes de información e publicidade

Recóllense as redes de comunicación establecidas para poñer en marcha e levar á práctica a estratexia de comunicación plasmada nos distintos plans de comunicación.

Na liña de especial sensibilización sobre o establecemento de redes comunitarias, que permitan garantir o intercambio de boas prácticas e o intercambio de experiencias en materia de información e publicidade.

En todo caso, hai que sinalar que os indicadores propostos se deseñaron respectando o criterio de proporcionalidade e a coherencia co conxunto das actuacións recollidas nos distintos programas operativos.

Así mesmo, tratouse de garantir a transparencia nas actuacións, para conseguir as mellores actuacións posibles a cofinanciar a través dos fondos europeos e de concienciar á cidadanía do papel que a Unión Europea xoga no incremento da súa calidade de vida, resaltando o papel que niso poden ter actuacións concretas recollidas nos distintos programas operativos.

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA

XACOBEO 2010 Galicia